



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
González Álvarez, Dolores
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

Cuiñas Gómez, Íñigo
Pillado González, Esther
Roca Pardiñas, Javier
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Romo Pérez, Vicente
Rubio Armesto, Belén
Seoane Posse, Elena Celsa
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

PDI-A:

García Fontán Soledad
García-Pintos Escuder Adela
González Santamaría Pedro
Llamas Nistal Martín
Meana Martínez Juan Carlos
Pérez Cota Manuel
Pino García, Antonio
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Rivo López Elena
Vaquero Díaz M^a Beatriz

PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
González Jorge, Higinio
González Santamaría, Pedro

ESTUDANTES:

Diéguez Rodríguez, José Miguel
Pereira Sánchez, Pablo

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio
Pérez Mato, Federico

SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido
Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Castro Cerceda M^a Luisa
Fernández Jáuregui, Manuel
Fernández Prieto, Marta
García Señorán, María del Mar
González Varela, Luis
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Pérez Abellás, Adolfo
Pou Saracho Juan María
Vallejo Pousada Rafael

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 12 de febreiro de 2016, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **12 de febreiro de 2016** ás 10:35 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da actas correspondentes ás sesións ordinaria do 21 de decembro de 2015 e extraordinaria do 18 de xaneiro de 2016.
2. Informe do reitor.
3. Presentación do informe do Comisionado do Campus do Mar sobre a Memoria do ano 2015.
4. Informe do vicerreitor do Campus de Ourense sobre o proceso de especialización do Campus da Auga no ano 2015.
5. Informe do vicerreitor do Campus de Pontevedra sobre o proceso de especialización do Campus Crea S2i no ano 2015.
6. Aprobación, se procede, da proposta de revogación da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” pola Universidade de Vigo a D. Julio Fernández Gayoso.
7. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” á profesora Erin Moure.
8. Aprobación, se procede, da proposta de modificación puntual na redacción do Regulamento de TFG.
9. Aprobación, se procede, do Calendario e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2017/18.
10. Aprobación, se procede, da Convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2016/2017 e os criterios de puntuación.
11. Aprobación, se procede, dos Criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2016/17.
12. Aprobación, se procede, da Normativa de dedicación do profesorado.
13. Aprobación, se procede, da Normativa de recoñecemento de actividades docentes do PDI.
14. Aprobación, se procede, do teito máximo de horas destinadas a actividades docentes complementarias.
15. Aprobación, se procede da modificación da Normativa de Programa Conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo.
16. Aprobación, se procede, do Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo, convocatoria 2016.

17. Aprobación, se procede, do Programa da Universidade de Vigo para a captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC), convocatoria 2016.
18. Estimación, se procede, contra o recurso de alzada de D. José Antonio Fraiz Brea, contra a convocatoria e acordos da Xunta de Facultade de Ciencias empresariais e Turismo do 17/11/2015.
19. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. M^a Carmen Trinidad López, solicitando a nulidade das reunións do Consello de Dpto. de Bioloxía, Xenética e Inmunoloxía dos días 7/7/2015 e 16/11/2015.
20. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. María Eloísa Santos Armentia, solicitando a nulidade das reunións do Consello de Dpto. de Bioloxía, Xenética e Inmunoloxía dos días 7/7/2015 e 16/11/2015.
21. Proposta de nomeamento, se procede, dos representantes do alumnado na Comisión de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo.
22. Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 Estudante.
23. Elección de representantes na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 Estudante e 1 PDI.
24. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes: 1 PDI.
25. Rogos e preguntas.

Antes de dar comezo á sesión, o reitor dá conta de varios asuntos:

En primeiro lugar, comunica que no día de hoxe o Sr. Julio Fernández Gayoso presentou a súa renuncia ao grao de Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo, coa devolución dos distintivos que lle foron outorgados no acto de investidura celebrado en marzo do ano 2002. A consecuencia desta renuncia voluntaria, queda eliminado o punto 6 da orde do día.

Tamén informa da dimisión por motivos persoais de D. Jaime Alonso Carrera, director do Departamento de Fundamentos do Análise Económico e Historia e Institucións Económicas, como membro deste Consello de Goberno, polo sector de Decanos e Directores, polo que nestes momentos hai dúas baixas nese sector.

Prosegue dando lectura dos membros do Consello de Goberno que xustifican a súa asistencia, e lembrando que a orde do día, que inicialmente foi enviada aos membros do Consello de Goberno, foi modificada ao detectarse un erro na mesma, sendo incorporado un punto na orde do día, no número 14, polo que os puntos sucesivos incrementáanse nunha orde.

Por último, informa de que foron invitados a participar no Consello de Goberno: Dna. Belén Martín Lucas, D. José Antonio Fraiz Brea, Dna. M^a Carmen Trinidad López e Dna. María Eloísa Santos Armentia, para participar con voz pero sen voto nos puntos da orde do día que será indicados.

Punto 1. Aprobación, se procede, da actas correspondentes ás sesións ordinaria do 21 de decembro de 2015 e extraordinaria do 18 de xaneiro de 2016.

O reitor indica que non se presentaron alegacións a ditas actas, pregunta se algún dos presentes quere formular algunha.

Ao non haber alegacións, apróbanse ambas actas por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Indica o reitor que fará un resumo do máis salientable e de interese do acontecido dende o pasado Consello de Goberno.

1.- O día 15 de xaneiro tivo lugar a primeira xuntanza de traballo co novo conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, para comezar a poñer en marcha os asuntos pendentes. Fíxose coincidir co acto de clausura da Conferencia Final do Proxecto Biocaps, no que se abordaron os distintos aspectos da alianza estratéxica que debe existir entre a Universidade de Vigo e o SERGAS. Así, a nivel de investigación avanzouse na definición dun convenio que permita a mobilidade dos nosos investigadores e a utilización das instalacións que o CHUVI ten, especialmente os laboratorios de investigación do Álvaro Cunqueiro. Tamén abordouse a dotación de fondos específicos para o desenvolvemento dun contrato programa que permita a estabilización dos investigadores e proseguir coa captación de talento, así como consolidar as liñas de investigación abertas por Biocaps, para lograr a acreditación do IBI por parte do Instituto de Saúde Carlos III. No ámbito docente, indica o reitor que se analizou a necesaria coordinación para a impartición da docencia clínica, tanto dos profesores da UVigo como os facultativos do SERGAS. Subliña que hai que ter unha postura de traballo común, a nivel de prazas e de asignación de docencia. Prosegue indicando que tamén trataron o proceso de integración das Escolas de Enfermaría. Destaca o reitor que a Universidade levou a cabo as accións que lle corresponden; indica que todo estaba tratado coa anterior conselleira, polo que está pendente dos pasos finais pola súa parte.

2.- Informa, a continuación, da xuntanza mantida o 19 de xaneiro, co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, na que se trataron diversos temas que teñen coa potenciación da transferencia de coñecemento. Así, abordaron distintos aspectos do centro de investigación tecnolóxico industrial (MTI) e intentaron concretar liñas de traballo relativas ao Campus do Mar e aos ámbitos da industria e a enerxía, co compromiso de que se vai apoiar o INEX para acelerar todo o que é o módulo industrial, para que no próximo curso se podan trasladar todos os grupos que teñen no edificio espazos de investigación. Tamén nesa xuntanza abordouse o desbloqueo do proceso de cesión dos terreos da ETEA, cifrándose un período de tres semanas para o comezo. Xa está acordado no comité executivo da Zona Franca; estando pendentes dos últimos detalles para que se estableza o convenio entre as dúas partes. Destaca tamén que avanzaron en aspectos do desenvolvemento do Campus Crea e da proposta da rede Aloía, que xa recibiu o seu visto e praxe. Polo que, aínda que non se pode dicir cando se finalizarán os trámites administrativos, xa están en marcha.

3.- Informa tamén das xuntanzas mantidas coa vicepresidenta do Goberno Cántabro, o reitor da *Universidad de Cantabria* e co reitor da *Universidad de Oviedo* para iniciar a incorporación de ambas universidades á CRUSOE, que na actualidade está formada por 26 universidades asociadas na Macrorrexión de Rexións do Sudoeste Europeo (RESOE), na que están incluídas Galicia, Asturias, Castilla y León, e o norte e centro de Portugal. Destaca que esta iniciativa persegue ampliar os límites da Eurorrexión, establecendo colaboracións que permitan solucións macro a problemas comúns, así como perseguir e lograr obxectivos máis ambiciosos. Como iniciativas concretas: comenta en primeiro lugar o alongamento do programa de intercambio e a mobilidade de profesores, investigadores universitarios e persoal administrativo e a súa ampliación a toda a esfera da macrorrexión. Indica o reitor que xa mantivo contactos con todas as comunidades, excepto Castela-León, e que se asinarán acordos específicos para desenvolver estas actuacións. En segundo lugar, comenta o proxecto de plataforma multirrexión, presentado aos POCTEP. Sinala que o Goberno de Cantabria amosou o seu interese, e na reunión da semana pasada xa tramitaron unha petición formal de inclusión na macrorrexión.

4.- En relación coa Comisión de Modificación de Estatutos, dar conta da finalización dos traballos do Grupo 1, encargado do Título Primeiro dos novos Estatutos. Este Título será debatido e aprobado no pleno da Comisión, que terá lugar o 7 de marzo. O Grupo 2 xa está comezando o seu traballo no seguinte título, o relacionado coa comunidade universitaria, polo que só quedará o título III, que se acordara traballar directamente no plenario. Indica que o primeiro borrador vaise pór á disposición da comunidade o antes posible.

Finalizado o seu informe, o reitor dá paso ao punto seguinte da orde do día e cede a palabra ao comisionado do Campus do Mar.

Punto 3. Presentación do informe do Comisionado do Campus do Mar sobre a Memoria do ano 2015.

O Sr. Emilio Fernández presenta no seu informe as actividades máis salientables desenvolvidas polo Campus de Excelencia ao longo do período 2010-2015; unha vez finalizado o proxecto de conversión en Campus de Excelencia Internacional, que aspiraba a constituír unha agrupación sólida que se converta nun referente internacional en investigación e formación no ámbito mariño. En decembro de 2015, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte fixo pública a resolución sobre a avaliación final dos proxectos seleccionados en 2010 no programa de Campus de Excelencia Internacional. Esta resolución sustentouse no informe elaborado pola Comisión Internacional sobre o progreso dos proxectos con respecto aos criterios de avaliación e indicadores establecidos no procedemento de seguimento. O proceso de avaliación tiña como obxecto verificar a procedencia, ou non, do mantemento da cualificación como Campus de Excelencia Internacional dos diferentes CEIs. De acordo coa resolución, Campus do Mar mereceu a cualificación definitiva como Campus de Excelencia Internacional no contexto europeo.

O Campus do Mar articulou a súa gobernanza ao redor dun modelo de organización apropiado para materializar as relacións entre as diferentes entidades que configuran o Campus de Excelencia. Así, as áreas do equipo de goberno foron lideradas por representantes das cinco institucións promotoras do Campus do Mar, e contaron co apoio transversal da unidade técnica e dos servizos centrais das universidades e OPIs que o integran. Cabe destacar, no ámbito da gobernanza, a participación do Campus do Mar como entidade coordinadora da rede CEI.MARNET, agrupación dos campus de excelencia españois relacionados co mar.

Prosegue o comisionado referindo que a internacionalización do Campus do Mar foi un dos obxectivos centrais definidos e desenvolvidos a través de 4 programas: Proxección exterior, Acollida, Mobilidade de alumnos e investigadores e Cooperación ao desenvolvemento. Deseñouse unha folla de ruta de internacionalización e a implementación desta folla de ruta mediante a visita a institucións de investigación e docencia de recoñecido prestixio internacional dos países seleccionados como obxectivo: Brasil, Chile, China e México, que resultaron na firma de convenios de colaboración e intercambio de estudantes e investigadores. Outras accións de relevancia dentro deste programa foi a obtención da Cátedra Unesco en Desenvolvemento Litoral Sostible, o establecemento de alianzas estratéxicas con organizacións obxectivo como o German Marine Research Consortium e a Marine Alliance for Science and Technology for Scotland e a incorporación do Campus de Excelencia á rede International Association for Marine-related Institutions (IAMRI). Coa finalidade de facilitar a estancia de investigadores do Campus do Mar en universidades e centros de investigación de recoñecido prestixio internacional, concedéronse un total de 27 axudas a investigadores, e se obtiveron axudas financiadas polo Ministerio de Educación para a mobilidade con centros de referencia. Deseñáronse diversos proxectos de cooperación cofinanciados por axudas autonómicas, nacionais e europeas.

Refírese que o Campus do Mar participou na preparación de diversos proxectos de investigación, presentados a convocatorias de ámbito internacional, tanto dentro do programa H2020 como dos programas de cooperación transfronteiriza SUDOE e POCTEP, ou á próxima convocatoria do Espazo Atlántico. Así mesmo, convocáronse bolsas de mestrado, obtívose o financiamento de 36 contratos predoutorais asociados ao Programa de Doutoramento DO*MAR por parte da Xunta de Galicia e financiamento da Unión Europea para a contratación de 10 investigadores postdoutorais experimentados.

O eixo de transferencia de tecnoloxía deseñou e levou a cabo un marco de actuación para o desenvolvemento da transferencia no complexo mar-industria; intensificando as relacións entre oferta e demanda tecnolóxica, poñendo en valor os resultados de investigación dos integrantes do Campus do Mar e potenciando o desenvolvemento de proxectos nacionais e internacionais en diferentes ámbitos mariños relacionados co sector empresarial. Organizáronse e celebráronse máis de 17 foros sectoriais, xornadas técnicas ou grupos de traballo de transferencia de tecnoloxía e configuración de proxectos, no que participaron decenas de investigadores, representantes do sector industrial mariño, centros, plataformas tecnolóxicas, universidades e centros de investigación nacionais e internacionais. Campus do Mar participou e liderou propostas de proxectos presentados no marco de programas de financiamento internacionais (H2020, CYTED, POCTEP, Espazo Atlántico, COST etc) e nacionais e autonómicos (FEDER-INTERCONNECTA, Grupos de Acción Costeira de Xunta de Galicia, Europa Redes e Xestores etc.), en diferentes temáticas relacionadas co sector produtivo mariño (pesca, acuicultura, loxística portuaria, TIC-Mar...).

Continúa destacando que o fomento do empredemento no ámbito mariño tivo como instrumento principal o Programa EMPRENDEMAR, orientado ao fomento da posta en marcha de ideas de negocio innovadoras e con potencial de comercialización no marco do Campus do Mar, no que 50 estudantes e graduados participaron nas dúas edicións da Escola de Emprendedores-Edición Campus do Mar. E máis de 120 participantes asistiron aos talleres sectoriais de emprendemento mariño, visitas a empresas, conferencias e actividades formativas de emprendemento e innovación organizadas. Púxose en marcha o Programa de formación e asesoramento para o emprendemento mariño, EMPREAMAR, dirixido ás comunidades costeiras das rías galegas; no que participaron 30 alumnos e xurdiron 8 iniciativas empresariais, das cales 6 están en incubación. O proxecto foi elixido pola Comisión Europea como exemplo de boas prácticas a nivel europeo e presentado en Bruxelas no Evento "Sailing towards 2020". Obtívose financiamento do Ministerio de Educación para o desenvolvemento de prácticas de investigación de estudantes de doutoramento e mestrado en centros tecnolóxicos asociados ao Campus de Excelencia. Creouse, e actualízase diariamente, a web especializada de emprego mariño MAR*JOB, co obxectivo de por en contacto a ofertantes e demandantes de emprego. Ata o momento, máis de 95000 usuarios visitaron as máis de 2400 ofertas de emprego publicadas. Nos últimos meses, Campus do Mar promoveu a elaboración de propostas presentadas ás convocatorias de proxectos de cooperación transfronteiriza POCTEP neste campo.

Na liña de docencia, destaca que no curso 2012-2013 comezou a impartirse o programa de doutoramento "Marine Science, Technology and Management" (DO*MAR), a gran aposta do Campus de Excelencia en materia de formación de posgrao. Trátase dun título conxunto de 6 universidades (as tres universidades galegas e tres do norte de Portugal), o CSIC e o IEO, que xorde cunha visión global e planificación plurianual, con carácter internacional e transfronteirizo. Na actualidade o programa DO*MAR conta con 185 alumnos, 124 da Universidade de Vigo, que elaboran teses de doutoramento nos distintos ámbitos de coñecemento relacionados co mar, científico, tecnolóxico, xurídico-social e artes e humanidades, deixando patente a transversalidade e interdisciplinabilidade deste programa. A compoñente internacional do programa queda patente na procedencia dos estudantes matriculados; que veñen de 17 países distintos, ademais de España e Portugal. Na actualidade, Campus do Mar traballa no reforzo da internacionalización do Programa de Doutoramento mediante a elaboración

dunha proposta de European Joint Doctorate Programme, xunto coa Marine Alliance Science and Technology Scotland e o Centro de Excelencia Mariña, LabexMer, de Brest, na Bretaña francesa.

No marco da rede CEI.MARNET, púxose en marcha no curso 2015-16 o Mestrado en Oceanografía; interuniversitario das universidades de Vigo, As Palmas de Gran Canaria e Cádiz, que se implantou, con 36 alumnos matriculados. Creáronse, tamén, grupos de traballo para o desenvolvemento e posta en marcha dos mestrados conxuntos en Xestión de Recursos Mariños, Xestión Integral da Zona Costeira e Tecnoloxías Subacuáticas Mariñas.

Prosegue referindo que o Campus do Mar estivo presente en diferentes foros locais, nacionais e internacionais, orientados a dar a coñecer o Campus de Excelencia, os seus obxectivos e implicacións a sectores profesionais, empresariais e institucionais. A presenza do Campus do Mar nos medios de comunicación e nas redes sociais foi constante. Así, a páxina web de Campus do Mar recibiu máis de 100000 visitas, ao que hai que engadir as máis de 1200 aparicións en medios de comunicación rexistradas. O Programa Campus do Mar na Praia/Mergúllate no océano percorreu a xeografía galega e portuguesa, mostrando aos cidadáns os resultados da investigación do Campus e o Programa CampusMarLife. Ofreceu actividades deportivas e de ocio relacionadas co mar para toda a comunidade Campus do Mar. Salienta o comisionado o proxecto Baliza, unha Plataforma multidisciplinar baseada na colaboración interdisciplinar entre investigadores do Campus do Mar da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, e outros artistas de diferentes ámbitos. Este proxecto culminou coa Exposición “Eidos da Imaxe. Grafía dos feitos e do pensamento” instalada no Museo de Arte Contemporáneo de Vigo. Campus do Mar organizou, ininterrompidamente dende 2011, campus científicos financiados pola FECYT. 524 estudantes de todo o Estado desenvolveron diferentes proxectos científicos e tecnolóxicos nos laboratorios do Campus de Vigo e do Instituto Español de Oceanografía.

Indica que a execución do proxecto contou co financiamento correspondente á convocatoria CEI 2010 por un importe de 5,3 millóns de euros, de acordo co establecido no Convenio Específico de Colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia para a financiamento do proxecto Campus do Mar. Campus do Mar comprometeu no período 2011-2015 3.799.890 € do financiamento inicial correspondente. Nese mesmo período, o Campus de Excelencia captou fondos adicionais por valor de 4.917.367 €, o que demostra o efecto multiplicador do proxecto. Campus do Mar destinou un 34% dos recursos económicos a potenciar a empregabilidade e a captación de talento, mentres que un 32% dos recursos serviron ao cofinanciamento de proxectos. á partida de I+D e Transferencia dedicouse un 16% mentres que á gobernanza e organización de eventos destinouse un 18%. Cabe destacar que non se realizou ningún gasto relacionado co capítulo de infraestruturas e equipamento.

Finaliza o Comisionado resumindo a posición estratéxica do Campus do Mar:

- Liderado na xeración de coñecemento nese campo, tanto no ámbito galego como no da euronrexión.
- Relevancia a escala estatal, e estamos empezando a selo a escala europea.
- Neste momento temos visibilidade en países obxectivo. Pero esta presenza é pouco homoxénea, por sectores, nalgúns deles, como o naval e o da bioenxeñería azul, hai espazo de mellora.

Recalca que o obxectivo final era poder manter no tempo a designación de Campus de Excelencia, e logrouse; e a maiores, temos o programa de doutoramento máis as actividades de emprendemento, polo que os obxectivos están cubertos, pero aínda quedan campos no que se debe mellorar.

Completa o reitor este informe indicando que xa tivo lugar a xuntanza do Consello Reitor do Campus do Mar, na que se aprobou a nova folla de ruta, e irase dando información a medida que se vaia concretando. Tamén, indica que Portugal xa estableceu un cadro de gobernanza similar ao noso, polo que poderá ter un peso maior a escala internacional.

Intervén o profesor Álvarez Villamarín, quen desexa expresar a súa noraboa ao comisionado polo traballo desenvolvido e pola presentación realizada, moi ben esquematizada, o que, na súa opinión, resulta moi difícil, dada a diversidade de liñas que se abordan. Destaca que se trata dun traballo colectivo e quere estender a todos a felicitación, así como ao Consello Reitor, xa que un proxecto como este só funciona se o liderado é efectivo. Anima a todos a continuar nesta liña, que está a situar á UVigo nun posto de liderado internacional destacado.

Reforza o reitor a idea de que é un proxecto conxunto; e fai públicas as súas felicitacións a todos os que están detrás e traballan neste proxecto.

Punto 4. Informe do vicerreitor do Campus de Ourense sobre o proceso de especialización do Campus da Auga no ano 2015.

Cede o reitor a palabra ao vicerreitor do Campus de Ourense, D. Virxilio Rodríguez, para que presente o camiño que está a percorrer e os avances realizados no Campus da Auga.

Comeza a súa exposición o vicerreitor comentando que, neste segundo ano ao fronte do Campus de Ourense e como comisionado do Campus da Auga, o proceso de especialización do Campus de Ourense conta xa cun amplo recoñecemento na sociedade na que se insire este Campus; e cun importante respaldo interno da comunidade universitaria, que está a aportar o seu traballo e coñecemento para facer posible executar o plan estratéxico do Campus da Auga. Destaca que os froitos que xa se puideron ver no ano 2014 ampliáronse no ano 2015, tanto en número como en calidade, e fóronse sentando as bases para consolidar o proxecto nos vindeiros anos, coincidindo coa segunda metade do período á fronte da Vicerreitoría do Campus de Ourense.

Incide o vicerreitor en que o Campus da Auga defínese como unha sorte de proceso de especialización, que quere converter ao Campus de Ourense en líder na investigación e na docencia en materias relativas á auga, medio ambiente e desenvolvemento sostible. Para cumprir esa misión o Campus da Auga armouse dun organigrama, liderado polo reitor e dirixido polo vicerreitor do Campus de Ourense, estruturado en cinco grandes áreas: Investigación, Internacionalización, Transferencia, Académica e Innovación educativa-Divulgación Científica.

Antes de expoñer os principais resultados acadados durante o ano 2015, e que supuxeron cumprir estritamente a folla de ruta marcada no Plan estratéxico do Campus da Auga, o vicerreitor lembra que os aspectos substanciais deste informe foron xa expostos no Consello de Campus do 25 de novembro de 2015, e que os proxectos futuros foron presentados no informe 2014 do Campus da Auga diante do CG o 27 de marzo de 2015, e nesa presentación se marcaban as principais accións a realizar durante o ano 2015. Así pois, remarca o vicerreitor, cómpre cotexar os obxectivos entón marcados coas accións efectivamente realizadas no 2015.

Realiza a exposición ordenando os resultados polas áreas nas que se estrutura o Comité de Dirección do Campus da Auga, abandonando o criterio cronolóxico. Explica o vicerreitor que durante o ano 2015 o Comité de Dirección reuniuse en tres ocasións coa presenza do Sr. Reitor, facendo balanço das actividades realizadas e planificando o traballo a realizar curto e medio prazo.

Informa a continuación das actividades que se levaron a cabo dende cada unha das áreas do Comité de Dirección do Campus da Auga ao longo deste ano 2015, nomeadamente:

- Na Área Académica traballouse na configuración e deseño do Programa de Doutoramento do Campus da Auga, tomando como modelo o Programa de Doutoramento do Campus do Mar. O vicerreitor agradece á disposición do Comisionado e a axuda brindada na fase inicial deste proceso. Continúa indicando que o obxectivo é presentar a declaración de interese do programa de doutoramento neste ano 2016 baixo as premisas de transparencia, coordinación e integración. Sobre esta base constituíuse en primeiro lugar, a Comisión de traballo académica dirixida pola Prof. Dra. Susana Álvarez González e polo propio vicerreitor, que ten por obxectivo sentar as bases para poder presentar a devandita declaración de interese. Para lograrse dito obxectivo, solicitouse aos decanatos dos seis centros integrados no Campus de Ourense o nomeamento dun representante por centro. Nas reunións da Comisión de traballo avanzouse na proposta de denominación, as principais liñas de investigación e as posibles universidades estranxeiras coas que contar no programa. Indica o vicerreitor que nas vindeiras semanas completárase o traballo e someterase á revisión da EIDO, a quen agradece, na persoa do seu director, á súa disposición. Posteriormente, someterase ás consideracións do Consello de Campus.
- Dende a Área de Transferencia e Emprendemento, baixo a dirección do Prof. Dr. Fermín Pérez Losada e coa intervención directa do Sr. Reitor da UVigo, procedeuse á constitución da Unidade Conxunta coa Confederación de Empresarios de Ourense, articulada a través dun convenio específico. Con esta unidade preténdese buscar sinerxías en materia de emprendemento, formación, internacionalización e cultura da innovación. Neste sentido, destaca o vicerreitor, que dende a CEO se presente un mapa de tecido empresarial, encargo asumido na primeira reunión por parte dos responsables deste organismo, para así poder dirixir a investigación que se fai dende o Campus de Ourense cara á mellora da eficiencia e produtividade dos sectores industriais e empresariais do territorio de Ourense e as súas comarcas.
- Dende a Área de Investigación e Captación de talento, baixo a dirección do Prof. Dr. Ramón Gesteira, articulouse un proxecto institucional xunto coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Axencia Portuguesa do Ambiente e a Universidade de Porto, titulado RISC Miño-Limia, co que concorrer aos POCTEP 2015, aspirando a unha financiación total de 2 dous millóns e medio de Euros. Explica que este proxecto é a primeira iniciativa institucional en materia de proxectos de investigación que se executa no marco do Campus da Auga cunha metodoloxía de traballo top-down. Pero ao mesmo tempo, indica que tamén se recibiron solicitudes dende diferentes grupos de investigación para contar co respaldo do Campus da Auga na presentación dos seus proxectos, na mesma convocatoria, polo que tamén ponse en práctica a metodoloxía bottom-up. Esta actuación da área de investigación do Campus da Auga foi en boa medida posible grazas a iniciativa do Reitor de manter reunións directas con cada un dos aproximadamente 50 grupos de investigación radicados no Campus de Ourense. Ante a boa acollida de todos os grupos e os bos resultados acadados, esta xeira, d o reitor acompañado do Vicerreitor de Campus e o Técnico de Proxectos, continuará ao longo do presente ano.
- En relación coa Área de Internacionalización, á fronte da cal se sitúa o Prof. Dr. Arno Formella, e a Área de Innovación Educativa e Divulgación Científica, dirixida polo Prof. Dr. José María Faílde Garrido, informa o vicerreitor da organización do “*I Congreso Internacional da Auga, Termalismo e Calidade de Vida*”, xunto co “*I Symposium Internacional de Termalismo e Calidade de Vida*”. A organización deste congreso realmente implicou a todos os membros do Comité de Dirección, destacando o vicerreitor o seu excelente traballo ao longo de todo o ano 2015. Así, o Prof. Dr. Ramón Gesteira asumiu a presidencia do Comité Científico, o Prof. Dr. José María Faílde a presidencia do Comité

Organizador, o Prof. Dr. Fermín Pérez, a vicepresidencia do Comité Científico, sendo ademais membros do Comité Organizador xunto co propio Arno Formella e os profesores Patricio Sánchez e Susana Álvarez. Salienta ademais a participación no comité científico dos profesores da Universidade de Vigo, José Antonio Fraiz, Pedro Araújo, Elisa Alén, José Luis Legido, Silvia González, María Reyez e Miguel Ángel Vázquez. O vicerreitor cualifica de éxito esta primeira edición do Congreso, no que participaron 200 congresistas procedentes de 11 países e se presentaron un gran número de ponencias e comunicacións de gran calidade. Valora tamén moi positivamente a colaboración establecida entre Concello, Deputación e a propia Universidade de Vigo, sentando as bases para futuros eventos desta mesma liña. Orzamentariamente, informa de que as contas pecháronse con equilibrio de gastos e ingresos.

- Tamén en relación coa Área De Innovación Educativa e Divulgación Científica salienta a organización e celebración do Día Internacional da Auga, formulado como unha xornada de portas abertas do Campus de Ourense para os estudantes de ensino secundario e bacharelato da cidade. Refire o éxito acadado o día 25 de marzo coa visita de máis de 250 escolares de diferentes centros que puideron coñecer os recursos e medios do Campus de Ourense para continuar os seus estudos. Leváronse a cabo diversas actividades relacionadas coa investigación da auga nos laboratorios da Fac. de Ciencias e da Fac. de Historia e lanzouse o I Concurso de foto-relato Campus da Auga Scholaris, que se fallou o día 25 de marzo.

Engade que dende a Área de Innovación Educativa, en colaboración co técnico de cultura e co técnico de deportes do Campus de Ourense, promoveuse a presenza do obxecto de especialización do campus nos diferentes eventos ou actividades organizadas no eido da cultura e do deporte. Así, o Campus da Auga tivo presenza no Outono fotográfico, no deseño dos roteiros culturais, e en diferentes eventos deportivos.

- Destaca tamén o vicerreitor que durante o ano 2015 procedeuse á licitación da “*Redacción de proxecto básico e de execución e dirección de obra do edificio do Campus da Auga no Campus de Ourense*”, resultando gañador do concurso o proxecto presentado pola empresa OIKOS ESTUDIO SLP, coa que se asinou un contrato administrativo de servizos por importe de 150.000 Euros, o 26 de outubro de 2015. Foi executado dentro do ano 2015, o que permitiu cumprir cos períodos de execución do gasto estipulados no Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a construción e desenvolvemento do Centro do Campus da Auga no Campus de Ourense, de 3 de outubro de 2014.
- Para rematar o seu informe, o vicerreitor do Campus de Ourense fai referencia aos principais proxectos futuros que se pretenden acadar a curto prazo e nos que xa se está a traballar intensamente. Na área académica, como xa quedou dito, destaca a presentación da declaración de interese do programa de doutoramento neste ano 2016, o nomeamento da Comisión académica e coordinadora/coordinador do programa para elaborar a memoria, e poder implantalo á maior brevidade posible. Na área de investigación, destaca a proposta de concorrer como clústeres de investigación neste ano 2016 con máis proxectos de investigación e fomentar as propostas bottom-up. Na área de transferencia, quérese avanzar nas relacións entre o Campus da Auga e o tecido empresarial da contorna, sendo estratéxica no eido do emprendemento a colaboración da Confederación de empresarios nos Premios INCUVI e AVANZA. Na área de Innovación Educativa e divulgación científica, integrárase o Campus da Auga na programación cultural e deportiva do Campus de Ourense, a partir das experiencias do pasado curso académico e en parte do actual, así organizárase novamente o Día mundial da auga e actividades afíns, especialmente o II Concurso de foto-relato. Comenta tamén que se vai lanzar unha convocatoria específica de premios de investigación científica no eido da auga, desenvolvemento sostible, e medio ambiente, tanto para TFG,

TFM, como para tesinas e Teses de Doutoramento e, incluso, artigos de investigadores seniors en publicacións científicas, sempre en coordinación coa Vicerreitoría de Investigación. Tamén, dende esta área e en colaboración coas áreas de Investigación e Internacionalización, está prevista a organización do II Congreso Internacional da Auga, cun cambio de temática, que contará como coorganizador principal coa CHMS.

- No ámbito das infraestruturas, informa que nos diferentes servizos da Universidade estase a traballar arreo para poder sacar a concurso a adjudicación da obra do edificio do Campus da Auga, coa intención de poder comezar a execución no verán de 2016.

Finaliza o vicerreitor o seu un informe sobre as actividades realizadas no Campus da Auga, reiterando o recoñecemento e agradecemento ás persoas que forman parte do comité de dirección, dos comités executivos dos clústeres de investigación, polo seu extraordinario traballo, e aos decanos, equipos decanais de todos os centros do Campus de Ourense e por extensión aos docentes e persoal de administración e servizos que se están a implicar no proxecto.

Non se formulan cuestións ou intervencións, polo que finaliza o reitor este punto e dá paso ao vicerreitor do Campus de Pontevedra, D. Juan Manuel Corbacho, para o seguinte.

Punto 5. Informe do vicerreitor do Campus de Pontevedra sobre o proceso de especialización do Campus Crea S2i no ano 2015.

En primeiro lugar, o vicerreitor do Campus de Pontevedra felicita a D. Emilio Fernández polo seu traballo fronte ao Campus do Mar e a D. Virxilio Rodríguez á fronte do Campus da Auga, e subliña que son modelos a seguir para o proxecto de especialización CREA S2i –social and sustainable innovation (de innovación social e sustentable)- do Campus de Pontevedra. Comeza informando que tras a constitución da Comisión de Dirección Técnica do Campus CREA, o 11 de decembro de 2014, leváronse a cabo seis reunións (bimensuais) ao longo do ano 2015 do pleno da comisión, encabezada polo reitor, sendo o maior número de xuntanzas por área para tratar temas específicos. Polo que a súa presentación está estruturada nas cinco áreas de traballo da Comisión de Dirección Técnica do Campus CREA: Área Académica, Área de Emprendemento e Transferencia, Área de Investigación e Captación de Talento, Área de Comunicación e Internacionalización e Área de Cultura. En cada unha, o vicerreitor detalla as cantidades invertidas pola Vicerreitoría do Campus.

- Destaca a actuación da Área Académica, representada pola profesora Dna. Alicia González Represas, que está a traballar na proposta de programa de doutoramento do CREA S2i xunto cos equipos decanais, coordinadores/as de programas de doutoramento existentes, así como cos/coas investigadores/as do campus para confeccionar un programa que non supoña competencia para os doutoramentos existentes, pero que siga as aliñas mestras de creatividade e innovación nas distintas áreas. Téñense definido as primeiras liñas de investigación transversais e estase a traballar na composición da comisión para concretar estas liñas e presentar a declaración de intencións, de ser posible, na vindeira convocatoria.
- En relación coa Área de Transferencia e Emprendemento, encabezada polo profesor D. Juan Picos Martín, da Escola de Enxeñaría Forestal, o vicerreitor informa que se produciu un afianzamento da *Feira de Emprendemento Pont Up*, coordinada polo profesor Pedro Figueroa e o seu grupo G4plus. Trátase dunha acción durante cinco días coa colaboración do IGAPE, AJE Pontevedra, Xunta de Galicia, Abanca, Zona Franca Vigo, Consello Social, Concello de Pontevedra e Deputación de Pontevedra. De feito, subliña, foi unha das primeiras accións nas que a nova deputación colaborou coa Universidade de Vigo, despois virían as reunións institucionais e convenios dos que xa ten informado o Sr. Reitor. Este evento supuxo a presenza de 36 iniciativas empresariais nunca macrocarpa na Praza de España acompañada

por un programa de charlas, seminarios e talleres repartidos polas facultades, Casa das Campás e Casa da Luz. O Concello xa se comprometeu a seguir apoiando esta iniciativa na súa edición do 2016 que ademais coincide con *SPIN 2016 “Creando cultura emprendedora”* que se celebrará do 29 de setembro ao 1 de outubro en Santiago de Compostela e co que colabora o Pont Up 2016. Detalla o vicerreitor do Campus de Pontevedra a inversión neste evento, explicando que no que segue o detallará para cada evento organizado pola vicerreitoría no marco do CREA S2i ou en colaboración con outras institucións e asociación.

Engade que o Grupo G4plus xa traballa nun observatorio de datos socioeconómicos para o Concello de Pontevedra, que se ampliará no que a indicadores se refire dentro do CREA S2i. Por outra banda, estase a impulsar a Rede Aloia, unha rede pilotada polo CREA S2i e a Escola de Enxeñaría Forestal, que desenvolva un plan de capacitación profesional así como a posibilidade de formación continua, por exemplo, para estudantes de formación profesional, incluíndo tamén a Facultade de Ciencias Educación e do Deporte. Formúlase ademais un enfoque *life long learning*. Tamén estase a definir as características do tecido empresarial da bisbarra para fortalecer alianzas estratéxicas coas asociacións e confederacións de empresarios. O clúster gráfico presentou na Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación a revista *Rúbrica*, coa presenza da Asociación Creatividade Galega. A reunión co Clúster Audiovisual foi adiada debido ao incipiente cambio de equipo directivo da Facultade.

- Pasa a informar do traballo realizado na Área de Investigación e Captación de Talento, dirixido pola profesora Da. Ángeles Parrilla Latas, da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Este centrouse na definición do mapa de capacidades dos/as investigadores/as do Campus de Pontevedra e concretouse na proposta do clúster de investigación. O clúster “Ecosistemas de Innovación” foi presentado o 13 de novembro de 2015 aos/as investigadores/as do Campus na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte polo reitor, reunión á que tamén asistiu Dna. Regina Carreira, a quen o vicerreitor expresa o seu agradecemento pola axuda prestada. O clúster divídese en dous sectores. O primeiro, “Comunidades e Territorios” que agrupa as áreas e temáticas de interese, como industrias creativas, web social, deporte e benestar, así como educación para o desenvolvemento, no que están representados preto de 200 docentes e investigadores/as. O sector “Medio e Sociedade”, aglutina arredor de 100 docentes e investigadores/as que traballan nas temáticas de natureza e contorna, responsabilidade social e corporativa, así como gobernanza. O 18 de decembro remitiuse a carta de adhesión ao clúster e sector, así como o anexo para remitir propostas e ideas de proxectos de investigación, e na actualidade estanse a avaliar as propostas recibidas, de cara a convocatorias competitivas e proxectos transversais.

Prosegue informando o vicerreitor dun dos proxectos xa en fase de preparación dentro do ámbito da innovación social, a rede de investigación *Reducindo as desigualdades en educación a través da colaboración*, na que participan 21 institucións de sete países: España, Reino Unido, Noruega, Portugal, Romanía, Brasil e México, entre eles docentes do campus de Pontevedra. O obxectivo inicial é concorrer á convocatoria Cost (Cooperación Europea en Ciencia e Tecnoloxía), liderados pola Universidade de Oxford. A primeira reunión celebrouse no Campus de Pontevedra, coa participación das profesoras Dna. Ángeles Parrilla Latas e D. Antonio Blanco Pesqueira.

Finalmente, en relación con esta área informa o vicerreitor de que a Universidade de Vigo recibiu o galardón “*Pontevedrés del Año*” por terse convertido nun motor de desenvolvemento das tres cidades, por ter situado o I+D+I como eixo para o crecemento e, en especial, por ter mudado para sempre a paisaxe da cidade do Lérez.

- En relación coa Área de Comunicación e Internacionalización dirixida polo profesor Alberto Dafonte Gómez, informa da posta en marcha do *Día Internacional da Creatividade e a Innovación*, co obxectivo de poñer en valor a creatividade e innovación como método de

resolución de problemas en diversos eidos, como o empresarial ou o social. Ao encaixar perfectamente na filosofía de especialización do Campus de Pontevedra, precisamente o día 21 de abril para conmemorar o día do CREA S2i, data na que remata a devandita semana que comeza o 15 de abril debido a que coincide coa data de nacemento da Leonardo da Vinci, investigador e científico multidisciplinar por antonomasia. A xornada dividiuse en dous grandes bloques: a mesa redonda “*Os camiños da creatividade*” coa presenza de representantes das áreas do CREA S2i, como Pablo Zentolo (Rei Zentolo), Juan Couto (Oqo editora), Isabel Aguirre de Urcola (directora da Escola Galega da Paisaxe da Fundación Juana de Vega) e Pepe Casal (preparador físico, entre outros de Pau Gasol), xunto con Javier Olleros (Culler de Pau), actuando Alberto Dafonte como moderador. A segunda parte, “*Somos CREA*”, consistiu na presentación de proxectos de investigación e INCUVIs en formato “*PechaKucha*”, concluíndo cun pequeno concerto a cargo de estudantes e degustación de produtos ecolóxicos. De cara ao ano 2016, preténdese ampliar as actividades e involucrar máis entidades.

Prosegue informando o vicerreitor da celebración, o día 3 de decembro, da presentación do proxecto de especialización CREA S2i no Auditorio Abanca, coa presenza, entre outros, do Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. En relación con isto, indica que o convenio inicial para o proxecto de especialización CREA S2i coa Xunta de Galicia atópase en fase de negociación e tramitación. Contouse coa presenza da presidenta do Parlamento, o presidente do Consello Social da Universidade de Vigo, así como representantes do Concello, Deputación, do mundo empresarial, cultural e deportivo da cidade. O acto foi integramente deseñado, organizado, producido e protagonizado por persoas directa ou indirectamente relacionadas co Campus de Pontevedra e a Universidade de Vigo, como, a presentadora Marga Pazos, premio Mestre Mateo e licenciada en Publicidade e Relacións Públicas da primeira promoción. A estes efectos, puxéronse en marcha as redes sociais e web do CREA S2i, que a medio prazo se acabarán fusionando cos medios da Vicerreitoría do Campus.

Destaca tamén o vicerreitor un proxecto posto en marcha polo anterior equipo, da man da vicerreitora Dna. Antonia Blanco e que se concretou no 2015, recaendo a súa responsabilidade na dirección de área de planificación do Campus de Pontevedra, a cargo do profesor Celso Cancela Outeda: O 18 de novembro o Campus de Pontevedra recibiu a distinción “Green Campus” como primeiro e único campus de España en acadar este selo de calidade. Este proxecto estratéxico conta cun plan de acción específico, pero que ao mesmo tempo incide nos distintos centros do Campus. Así, tense realizado unha auditoría de accesibilidade da man de COGAMI en cada unha das instalacións do Campus. Tamén púxose en marcha a recollida de RAEEs que se está a repetir nestas datas. Igualmente, estase a traballar en accións específicas para centros de ensinanza secundaria e FP, como o *Día da Terra*, da man da Escola de Enxeñaría Forestal.

Expón a continuación un resumo das actuacións na Área de Cultura, encabezada inicialmente polo profesor D. Ignacio Barcia Rodríguez e posteriormente polo profesor D. Xosé Manuel Buxán Bran. Este área ten moita relación coa dirección de Extensión cultural da vicerreitoría a cargo de D. Manuel Morquecho, e facilita a conexión do proxecto de especialización co seu entorno máis inmediato. Destaca o programa Exploradores 15 no marco do Festival Sin Sal, no que se ofrece a dez estudantes das facultades de Belas Artes e Ciencias Sociais e da Comunicación a participación en tres talleres específicos na Illa de San Simón, para crear proxectos interdisciplinares no deseño 3D, realidade aumentada e técnicas de visualización de datos en mapas a través de Carto DB. Os traballos finais foron avaliados polos responsables de Samsung, acadando un grupo da Universidade de Vigo a máxima puntuación.

O vicerreitor explica que continuou a colaboración co Concello de Pontevedra co programa Tangram 2015. Na presente edición materializouse en tres proxectos: “*De Bruxas e Bolboreta*” para

concienciar sobre a violencia de xénero; “*Cine con Consciencia*” sobre a discriminación de determinados colectivos, neste caso persoas co Síndrome de Down, e “*Prismas da Cidade*”, libro de rutas onde unha vintena de persoas contan como ven e viven a cidade de Pontevedra, co xornalista Ramón Rozas como invitado.

Destaca o vicerreitor que segue a crecer a oferta cinematográfica: O ano pasado incorporouse un ciclo de cine francés coa colaboración da alianza francesa e onte inaugurouse o ciclo de cine taiwanés. E, posto que o cine é unha demanda histórica de Pontevedra, o Campus puxo en marcha xunto co Concello, a produtora Matriuska e o programador Suso Novás a edición cero do Festival Novos Cinemas, no que se ofreceu un curso a cargo de Lois Patiño. e cara á edición deste ano contarase co espazo CREA S2i, un foro de proxección e formación para novos valores seguindo a filosofía do propio festival. Os estudantes participarán en xurados e terán a posibilidade de asistir a talleres e cursos de formación.

Continúa tamén a colaboración do Diario de Pontevedra, baixo o formato “*Conversas coa UVigo*”. No 2015, celebrouse por primeira vez o “*Ciclo Cero Violencia Viaria*” coa colaboración do Concello de Pontevedra, a Dirección General de Tráfico e a Policía Local. Ao longo de cinco semanas organízanse charlas-coloquio con participación de expertos dos colaboradores sinalados e docentes e investigadores dos centros do Campus, así como diversas accións, como un simulacro de accidente, o simulador de envorcado, a marcha ciclista etc.

Remata o seu informe, o vicerreitor do Campus de Pontevedra, agradecendo moi sinceramente a implicación e liderado do Sr. reitor neste proceso, e aos/ás delegados/as do reitor en cada unha das áreas por contribuír a facer avanzar o proxecto de especialización, así como os equipos directivos dos centros, PAS e delegacións de alumnos sempre dispostos a axudar e a sumar.

Punto 6. Aprobación, se procede, da proposta de revogación da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” pola Universidade de Vigo a D. Julio Fernández Gayoso.

Lembra o reitor que, como indicou previamente, diante da renuncia presentada por D. Julio Fernández Gayoso, non procede tratar este punto.

Punto 7. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” á profesora Erin Moure.

Antes de ceder a palabra á secretaria xeral, o reitor lembra que se invitou, con voz e sen voto, á profesora Dña. Belén Martín Lucas, para realizar a presentación da candidata proposta.

A secretaria xeral comeza facendo un breve resumo da normativa que regula a concesión deste recoñecemento:

- Segundo o establecido no artigo 135 dos seus Estatutos, a Universidade de Vigo poderá conceder o grao de doutor honoris causa ás persoas físicas que destaquen no eido da investigación e da docencia, no cultivo das artes e das letras, ou ben naquelas actividades con repercusión notoria e importante dende o punto de vista tecnolóxico e social en Galicia e no mundo en xeral.
- No artigo 39 dos Estatutos da UVigo no seu apartado ae) se recolle que corresponde ao Consello de goberno a adxudicación de doutoramentos honoris causa a persoas que, segundo os seus méritos considere merecedoras de tal nomeamento, de acordo cos procedementos

establecidos polo Claustro. Este órgano, na sesión do día 10 de novembro de 2004, aprobou a “Normativa para a concesión do “Doutorado Honoris Causa”.

- Segundo dita normativa, a proposta deberá ser formulada por un ou varios departamentos dos existentes na Universidade de Vigo, sempre que consigan o aval, polo menos, de 3/5 dos departamentos do ámbito de coñecemento do que se trate.
- A normativa tamén recolle que a proposta deberá contar co informe do centro ou centros correspondentes, e seralle remitida ao Consello de Goberno da Universidade para a súa aprobación, se procede, por unha maioría cualificada dos 3/5 dos presentes. Para o seu debate no Consello de Goberno, a proposta deberá ir acompañada de:
 - a. Unha memoria razoada que fundamente os méritos e/ou circunstancias excepcionais que concorran na persoa candidata.
 - b. O currículo do candidato/a proposto.

Cómpre, polo tanto, a verificación destes requirimento por parte da candidatura de Dna. Erín Moure, presentada polo Departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá. Os documentos enviado por parte do departamento, memoria e CV, foron achegados coa convocatoria para a súa valoración.

Prosegue a secretaria xeral indicando que esta solicitude está avalada por 7 dos 9 departamentos do seu ámbito e conta co informe favorable da Facultade de Filoloxía e Tradución, da Facultade de Historia, así como da Facultade de CC. da Educación de Ourense, que son os centros nos que o departamento solicitante e os avalantes teñen docencia maioritaria.

Polo tanto, indica a secretaria, cumpre con claridade cos requirimentos da nosa normativa e salienta que, a maiores, esta proposta tamén está apoiada pola Asociación de escritores e escritoras en lingua galega, a Fundación Rosalía de Castro, a Comisión de Igualdade do Consello de Cultura Galega, a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e Interpretación, así como a Área de Igualdade e a Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, como poden comprobar na documentación achegada.

Explica que a candidata proposta é unha poeta canadiense, tradutora e editora de amplo e sólido currículo, de orixes galegas e firmemente vencellada a nosa cultura polas traducións de algúns dos nosos clásicos, como Rosalía de Castro, e outros autores máis actuais. Tamén colabora de xeito habitual con diversos departamentos da nosa Universidade. Pero para que os membros do Consello de Goberno poidan tomar unha decisión máis fundamentada, foi invitada a profesora Dna. Belén Martín Lucas, que actúa como madriña da candidata, para que realice un breve resumo do currículo da candidata de dona Erín Moure.

A profesora Martín Lucas, dá lectura a un documento (**Anexo I**) no que, ademais de resumir a historia persoal da candidata, realiza unha defensa dos seus méritos, destacando a súa gran proxección internacional, e galardóns recibidos pola súa poesía. Indica que se trata dunha das poetas máis activas e experimentais no panorama norteamericano contemporáneo, e subliña a súa actividade como tradutora, crítica literaria e editora. Non esquece indicar a mentorización de moitos escritores e artistas e a súa capacidade dinamizadora, que deu pulo ao galego internacionalmente. Incide de xeito especial na colaboración coa Universidade de Vigo dende o ano 2008 con distintos departamentos e grupos de investigación, e finaliza destacando a súa actividade a prol das minorías lingüísticas, étnicas e sexuais.

Finalizada esta presentación, pregunta o reitor se alguén desexa algunha aclaración ou desexa facer un comentario.

O representante do Consello Social, Sr. Pérez Mato, intervéñ para expresar que está impresionado moi favorablemente e que considera que se trata dun premio moi merecido.

Non hai máis intervencións, polo que o reitor indica que ao reunir os requirimentos normativos, e tras verificar que a candidata reúne os méritos académicos de investigación axeitados e sendo posuidora das características persoais e de vinculación coa nosa Universidade, propón que a concesión do grao de “Doutora Honoris Causa” sexa por unanimidade.

Acéptase.

Punto 8. Aprobación, se procede, da proposta de modificación puntual na redacción do Regulamento de TFG.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantes, quen introduce a modificación ao Regulamento, indicando que se refire só ao apartado 5 do artigo 8. Explica que xa na sesión do Consello de Goberno no que se aprobou esta normativa, algúns membros do Consello destacaron que este apartado tiña unha redacción ambigua, e daquela aprobárase coa matización de que sería necesaria un cambio na redacción.

Dá lectura á redacción actual do apartado 5: *“Na súa normativa interna, o centro definirá o papel das persoas titoras e cotitoras na defensa, avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao. As persoas titoras poderán, polo menos, estar presentes con dereito a voz no acto de defensa e nas deliberacións do tribunal de avaliación”* e á proposta de nova redacción: *“Na súa normativa interna, o centro definirá o papel das persoas titoras e cotitoras na defensa, avaliación e cualificación dos traballos de fin de grao. As persoas titoras poderán estar presentes con dereito a voz no acto de defensa. A súa participación nas deliberacións do tribunal de avaliación será excepcional e regularase na normativa interna do centro”*. Explica a vicerreitora que queda claro que os titores e titoras non forman parte do tribunal, e se poden estar presentes ou non nas deliberacións deberá ser regulado por cada centro na súa normativa, pero sempre se considera excepcional.

Intervén o profesor Pérez Cota para realizar un comentario, en relación co artigo 9, no que se di que o centro *“solicitará unha persoa titora na Universidade de destino e designará á persoa responsable do intercambio no centro como cotitora aos únicos efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo”* Indica que na Escola de Enxeñaría Industrial o responsable académico non ten só esta función.

Explica a vicerreitora que este artigo refírese exclusivamente aos TFG realizados noutra universidade dentro de acordos de mobilidade. Aínda que eses TFGs sexan realizados, supervisados e defendidos nesa universidade, necesitarán unha supervisión na UVigo, a efectos de verificar que se cumpren todos os requisitos da nosa normativa. Esta necesidade xurdiu porque houbera problemas nalgúns centros nos que non estaba definida esta figura, e introduciuse para que se verifique que se cumpren todos os trámites esixidos pola nosa normativa.

Apróbase por asentimento (**Anexo II**).

Punto 9. Aprobación, se procede, do Calendario e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2017/18.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que como cada ano preséntase o calendario e o procedemento para a presentación de propostas e modificacións de títulos de grao, máster e doutoramento, e que a proposta achegouse coa convocatoria.

Indica que tanto o procedemento como o calendario son similares aos do curso anterior. En principio, non se contempla a posibilidade de solicitar títulos novos de grao, aínda que no caso de máster e

doutoramento queda aberta a posibilidade de tramitar títulos que supoñan unha oportunidade para a universidade, é dicir, a oferta destes títulos debe limitarse á opcións de importancia estratéxica. En calquera caso, para que estes títulos fosen admitidos, deberían cumprir os requisitos do decreto de títulos, ao que dá lectura: *“Os másters universitarios deberán cumprir tres das seguintes condicións: ser interuniversitarios; outorgar competencias profesionais; ter unha orientación laboral ou práctica; xustificar o apoio e colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico; ter garantidas as prácticas do estudiantado, no caso de estar establecidas na memoria da titulación; cubrir a formación superior de persoal en áreas de elevada demanda laboral; ter carácter internacional”*.

Explica que os prazos do calendario rematan antes do 1 de agosto, que é a data límite para a presentación de propostas ante a Consellería de Educación. Finaliza indicando que o documento que se presenta conta co informe favorable da COAP.

Non se formulan obxeccións nin comentarios, polo que se aproba por asentimento.

Punto 10. Aprobación, se procede, da Convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2016/2017 e os criterios de puntuación.

Cede a palabra, novamente, o reitor á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen presenta a convocatoria de anos sabáticos, similar á de anos anteriores; sendo os criterios tamén similares aos dos anos anteriores, baseados na valoración de quinquenios, sexenios e cargos de xestión recentes. Na convocatoria, establécese un prazo de presentación de solicitudes, ata o día 29 de febreiro, e delégase na COAP a adxudicación. Explica o procedemento de adxudicación que sigue a COAP: ordénanse as solicitudes pola puntuación obtida en función dos criterios anteriores, e concédense ata cubrir a dotación económica correspondente. Informa tamén que a proposta que se achegou coa convocatoria, ten informe favorable da COAP.

Non hai cuestións nin intervencións. Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, dos Criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) para o curso 2016/17.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, logo de aclarar que existe unha pequena errata na primeira páxina – onde di “estimación de horas matriculadas no curso 2014/15”, debe dicir “curso 15/16” –, presenta a proposta.

Explica que, para os títulos de grao, o cálculo realízase como os anos anteriores e se propón una lixeira diminución das horas para os títulos que imparten clase en grupos máis pequenos, co fin de non afondar nas diferencias entre títulos e ámbitos. En calquera caso, o documento establece que, excepcionalmente, a COAP poderá autorizar unha proposta cun maior número de horas sempre que se poidan desenvolver co cadro de persoal existente a tempo completo.

Indica a vicerreitora as novidades existentes na proposta deste ano. En primeiro lugar, permítese aos centros que asignen unha parte das horas para docencia en aula de TFG ou prácticas externas. Esta modificación introdúcese á petición dos centros, que consideran que hai horas que se poden impartir en grupos (metodoloxía de redacción de traballos, por ex.). Debe estar recollido na guía docente e na programación do centro. En segundo lugar, este ano os departamentos poderán solicitar aos centros a adscrición de materias que non tiñan asignadas no curso 2015/16. A solicitude, debidamente xustificada, deberá ser comunicada á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado. E en terceiro lugar, prosegue, o documento incorpora a PDA e o POD para cursos e seminarios que se impartan en títulos de doutoramento. Estas actividades deben estar recollidas na memoria do título, e

deben implicar actividade presencial do profesorado cun grupo de estudantes. Esta primeira proposta debe considerarse un programa piloto, que permitirá, a través da experiencia adquirida, consolidar un procedemento estable. Tramitarase a través da EIDO. A elaboración da PDA e o POD de máster continúa como en anos anteriores, indica a vicerreitora, quen finaliza indicando que o documento ten informe favorable da COAP.

Finalizada a presentación da vicerreitora, o reitor abre unha rolda de intervencións. Toma a palabra, en primeiro lugar, o profesor Rodríguez Berrocal, para explicar o sentido do seu voto. Explica que votou en contra na COAP, e o fará novamente aquí. Indica que está en contra do tamaño medio de grupo; na súa opinión, a necesidade de controlar o gasto non debería facer que se xogue co número de horas que pode impartir un centro. Considera que se debe recoller a realidade da docencia dos centros, e, posteriormente, ver como se pode limitar o incremento do capítulo I. Debe abrirse a opción, en centros como o seu, de que se imparta docencia en grupos máis pequenos, negociando coa COAP.

O profesor Cuñas Gómez indica que tamén na COAP votou en contra, porque con esta normativa a mesma materia co mesmo número de horas, dependendo como se deseñe o grupo, produce unha carga diferente. Considera que coa experiencia que se ten nos graos, xa se pode obter unha foto real da situación. Considera que o TMG non permite saber se temos profesorado suficiente para impartir a docencia.

Responde a vicerreitora ao profesor Rodríguez Berrocal, explicando que no deseño da normativa non se emprega como criterio o capítulo I, senón a racionalización dos recursos. Entende que a PDA que se presenta reflicte a realidade, xa que nos centros se imparte a docencia como se di que se realiza. Comenta que lle parece estraño o concepto de negociación coa COAP, xa que se trata dun órgano colexiado e engade que a flexibilización se leva a cabo cando non ten custo, pero non se debe realizar de calquera forma só porque non teña custo. É cuestión de que se faga de xeito racional, insiste. En relación coa intervención do profesor Cuñas, indica que é certo que coas mesmas horas de profesor pódense facer distintos TMG, pero modificando as horas que recibe o alumno. E a intención da proposta é que os alumnos reciban o número de horas que lles corresponden.

Rematadas as intervencións, o reitor solicita a votación do punto. O resultado da votación é: 26 votos a favor, 4 en contra e dúas abstencións, polo tanto, apróbase a proposta (**Anexo III**).

Punto 12. Aprobación, se procede, da Normativa de dedicación do profesorado.

O reitor cede a palabra novamente a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que neste punto, e no seguinte, preséntanse como dúas normativas diferentes conceptualmente, as que en anos anteriores reuníanse nunha única. Continúa dicindo que a normativa que se presenta pretende establecer un marco que regule a dedicación do profesorado que sexa estable no tempo. Así, para comezar, a dedicación do profesorado considérase de 1600 horas de traballo anuais repartidas en actividades docentes, de investigación e transferencia e de xestión.

Continúa explicando que, en primeiro lugar, establécese a redución que os cargos de xestión e representación implican na dedicación do profesorado a actividades docentes e de investigación e transferencia. As porcentaxes de redución que se propoñen aparecen na primeira táboa do documento. Cabe sinalar que, por primeira vez, figuran neste apartado cargos de representación en órganos de goberno da Universidade.

A capacidade restante distribúese en actividades docentes e de investigación e transferencia, ademais dunha pequena porcentaxe para actividades xerais de xestión (asistencia consellos de departamento, xuntas de centro, etc.). Na segunda táboa do documento figura a dedicación proposta en función do número de sexenios e da data de consecución dos mesmos. Prosigue a vicerreitora indicando que, dende que se aprobou a lei Wert, na UVigo intentouse moderar o seu efecto establecendo unha

intensificación docente intermedia. Na proposta actual, ademais das intensificacións docente e investigadora e da intensificación docente intermedia, inclúese una nova intensificación investigadora intermedia, situada entre a regular e a investigadora. Enténdese como un incentivo á obtención de sexenios polo profesorado máis novo ou con menos experiencia investigadora. Destaca a vicerreitora que estes recoñecementos intermedios supoñen un importante número de horas. A continuación explica excepcións que se establecen:

- Pola idade: O profesorado maior de 65 anos a quen lle correspondese o tipo D, quedará en DM
- As persoas, que de acordo coa normativa anterior tiñan dereito a una redución ao abandonar cargos académicos, manterán este dereito que non será aplicado a persoas novas a partir do inicio do curso.
- As persoas que acrediten impedimentos administrativos para a solicitude dun sexenio que puidese ser decisivo no cómputo, non se lles aplicará intensificación D ou DM.
- As persoas que acrediten períodos de baixas superiores a 9 meses que lles impedisen a solicitude dun sexenio que puidese ser decisivo no cómputo, non se lles aplicará intensificación D ou DM.

Na última táboa, figura a porcentaxe de dedicación a cada tipo de actividade en función do tipo de intensificación. A vicerreitora refire que a proposta que se presenta conta con informe favorable da COAP, pero que non foi aprobada na mesa de negociación.

En relación da posición da representación sindical, a vicerreitora coida que debe facer un percorrido polo acontecido nos últimos meses. Explica que tras a aprobación hai aproximadamente un ano das normas correspondentes ao curso actual, e tras o compromiso adquirido de elaborar una nova proposta de dedicación e recoñecementos, este punto foi incluído nunha reunión da mesa sindical o día 25 de maio de 2015, hai algo máis de 8 meses. Nesa reunión, solicitouse á representación sindical que achegase propostas, polo menos liñas xerais para a elaboración dese novo documento. Transcorridos máis de 4 meses sen recibir ningunha proposta, foi convocada una nova reunión o 6 de outubro co mesmo punto da orde do día. Solicitáronse de novo propostas que tampouco foron remitidas, polo que desde a vicerreitoría elaborouse un documento que foi debatido na reunión do día 14 de xaneiro de 2016. Nesta mesma reunión comunicouse que a proposta que se presentaría neste consello de goberno sería a de manter o número de horas por recoñecementos docentes do curso 2015/16.

Finaliza a vicerreitora referindo que a primeira emenda ou proposta (relativa unicamente a este documento) chegou o día 26 de xaneiro e as restantes o 10 de febreiro, hai tan só dous días.

Abre o reitor unha primeira rolda de intervencións que inicia o profesor Díez Ferrer que, en representación da UGT solicita que se retiren os puntos 12 e 13 por falta de negociación. Indica que o seu sindicato presentou unha proposta que cre lembrar que se leu na propia mesa. Considera que ambos puntos deben volver á Mesa de Negociación.

O Sr. Federico Fernández expón a posición da CIG (laboral e funcionario) dando lectura a un comunicado no que se especifica a postura do sindicato. Nel se indica que na mesa do xoves 14 de xaneiro de 2016, cando se presentaron dos dous borradores, a CIG de PDI funcionarios anunciou que posiblemente votaría en contra, igual que no curso pasado, pero que antes consultaría ós seus afiliados. Feita dita consulta, maniféstase en contra de ambas normativas porque segue a ser excesiva a carga docente do profesorado D (320 horas de clase). Solicita que non sexan aprobadas e que ambas as dúas normativas volvan á Mesa de Negociación do PDI, para mitigar a carga dese profesorado. Manifesta a oposición aos recortes que deterioran as condicións de traballo, suxerindo que se adopten normativas de recoñecemento menos lesivas como a da Universidade da Coruña. Na mesma liña, se manifesta a sección sindical da CIG PDI laboral (Pontevedra e Ourense) engadindo que a diferenza

entre a UdC e a Uvigo supón unha diferenza inaceptable entre as condicións do persoal laboral que se rexe polo II convenio colectivo do persoal laboral do SUG.

Intervén o profesor Rodríguez Berrocal, quen indica que non vai defender a postura dos sindicatos, pero lembra que no Claustro díxérase que estas normativas se debaterían cos decanos e directores. Considera que debería terse feito, xa que é un compromiso e debe respectarse. En canto ao fondo da normativa, expón que hai cambios sutiles que redundan nas persoas que realizan actividades fóra da docencia. Destaca que no listado de cargos, os únicos que reducen son os directores de departamento. Fai referencia, tamén, a que o traballo dos vicedecanos e secretarios de centros viuse incrementado polos graos, polo que considera que deberían repercutir no recoñecemento persoal, para que non se teña que recorrer á da bolsa de horas do centro. Continúa subliñando que, posto que o recoñecemento docente vincúlase ao grao de intensificación de cada profesor, iguais labores teñen recoñecemento distintos. Pon como exemplo o recoñecemento dun director de departamento, que coa actual proposta de normativa, en función da súa intensificación da persoa que ocupe o cargo, pode chegar a reducirse a metade da que tería coa normativa anterior. Indica, ademais, que o feito de contemplar que o seu cargo como director de departamento tamén reste da súa dedicación á investigación, non vai facer que lle dedique menos tempo. Por eses motivos votou en contra, e vai volver facelo.

O profesor González Santamaría intervén para indicar que na última reunión presentáronse documentos que non se consideraron. Asumen a petición de retirada dos puntos na orde do día, xa que é unha normativa que afecta ás condicións de traballo do PDI e debe ser negociada. Engade que a proposta é un documento opaco e confuso; que non recolle a multitude de traballos que realiza o PDI; que parece un documento elaborado exclusivamente por razóns económicas; e que conducirá a un deterioro das condicións dos profesores. Continúa dicindo que non se informa de como vai afectar esta normativa no propio cadro de persoal e, polo tanto, como representante do PDI-L non pode admitir unha normativa que sabe a repercusión que pode ter no seu colectivo. Anima a que se abra un verdadeiro proceso de negociación, coa vontade de chegar a acordos.

A profesora Belén Rubio comeza expresando a súa felicitación polo cambio na orientación do documento, no sentido de recoñecer o traballo realizado polo PDI. Manifesta que non está de acordo con algunha cousas, e así o expresou na COAP. Como, por exemplo, nas horas que se recoñecen polas actividades dos vicedecanos, pero valora positivamente a introdución da intensificación docente intermedia, que permite suavizar un pouco a Lei Wert, xa que non se pode eliminar. Supón que deste xeito o número de profesores a 320h será moito menor que sen este documento. Prosegue recoñecendo que tamén se modifica no documento algo que ela criticara na normativa anterior, que era o aumento de dedicación ao pasar de TU con 3 sexenios a CU con 3 sexenios; nesta proposta se reduce o impacto. Para finalizar, manifesta que cunha normativa é difícil contentar a todos e, aínda que hai cousas que non lle gustan, votou a favor na COAP e volverao a facer.

Intervén, a continuación, o profesor Álvarez Villamarín nunha liña similar á da profesora anterior. Manifesta que a vicerreitora cumpriu coa súa palabra, xa que se elaborou un documento partindo de cero, como prometera, facendo un recoñecemento do traballo do PDI. E polo tanto, na súa opinión, esta é unha normativa que cambia a filosofía das anteriores; trátase de facer un recoñecemento da actividade realizada. Expón que, aínda que se pode discrepar nas porcentaxes asignadas, xa non se trata dunha desgravación de horas de clase, como era ata o de agora e, na súa opinión, isto é un cambio importante. Lembra, tamén, que a vicerreitora dixera que, aínda que se modificara o documento, o resultado non variaría moito, xa que existen limitacións económicas impostas. Polo tanto, resume, hai recoñecementos cos que non está de acordo, pero apoia o cambio da filosofía e expresa o seu voto favorable á proposta.

Realiza unha reflexión relativa á aplicación do decreto Wert, xa que no seu momento se fixo o cambio de créditos ECTS a horas de clase, pero, na realidade, se aplica ao número de alumnos, polo

que o número debe afectar ao recoñecemento. Pon como exemplo as proporcións medias alumnos/profesor: no ámbito humanístico, 12; no ámbito científico, 6; no ámbito tecnolóxico, 24; e no xurídico-social, 26. En canto ao número de horas de clase, todos son iguais, pero en todo o resto das actividades hai un desequilibrio pernicioso que se mantén no tempo, porque todas as leis son homoxéneas. E isto se di, prosegue, pero non se fai nada porque temos limitacións, pero o certo é que as dedicacións docentes son distintas, e lle doe que non se recoñeza así. Insiste en que a dedicación docente non son as horas de POD, e cando se protesta contra dos documentos, iso non se di. Para finalizar, agradece a explicación do proceso sindical, que non entendía. Aclara que el é representante, pero non está na mesa. Reitera o seu vota a favor.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado responde inicialmente aos representantes sindicais en conxunto, expresando a súa sorpresa porque este proceso iniciouse en maio, e daquela se solicitaron achegas e propostas e, insiste, os documentos da parte social chegaron entre onte e hoxe. Indica tamén que na propia COAP, cando se discutiu esta proposta había un representante sindical que manifestou a súa oposición pero, engade, non pediu a retirada do documento. Reitera que lle sorprende de que todo xurda nestes momentos. Explica que dar marcha atrás con esta convocatoria non implica que nos quedemos nun baleiro normativo, xa que a Lei Wert segue en vigor, e debe seguir aplicándose. Lembra que estas normativas son documentos voluntarios, nos que se intenta suavizar o decreto dalgún xeito, pero a Universidade non ten a obriga de facelo. Insiste novamente en que se realiza este tipo de propostas para temperar o impacto do decreto, porque todos cremos nisto, pero non é obrigatorio.

Engade a vicerreitora que temos vocación de negociación sindical, pero que o órgano no que se aproban as normativas é o Consello de Goberno, polo que non se debe subtraer deste órgano o debate e a decisión.

En relación coa proposta realizada, de que se asuma o documento da UdC de recoñecementos, indica que, en efecto é unha excelente carta aos reis magos, que contén unha excelente recompilación de recoñecementos, pero que remata dicindo: aplicarase se se pode. E, de feito, non se aplica. Aclara que cada universidade ten a súa propia maneira de actuar, e a UdC axusta no número de alumnos á súa capacidade; na UVigo non se realiza así. Explica que se manteñen os dereitos dos alumnos e se axusta a capacidade. Lembra que este documento foi presentado cando estallaron os condicionamentos económicos, polo que contén unha restrición xenérica que se aproba cada curso.

Continúa respondendo, a vicerreitora, ao profesor Rodríguez Berrocal. Confirma que, en efecto, a filosofía do documento é esa: un PDI que actúe como director de departamento deixará a docencia e a investigación de xeito proporcional ao tempo que lle dedique ao seu cargo.

En relación a se se negociou a proposta cos decanos e directores, di que si; falou con moitos deles e tamén confirma que se algún cargo rebaixa o seu recoñecemento é, en efecto o director de departamento, porque é algo que está no ánimo de moitos membros da Universidade e dos directores e decanos dos centros.

Con respecto á intervención da profesora Rubio Armesto, expón que se valorou a proposta de incrementar o recoñecemento dos vicedecanos. Pero, engade, se este recoñecemento vai a bolsa dos centros, estes poden decidir como se aplica.

Dá resposta, tamén, ao profesor Pedro González, indicando que os datos e gráficas presentados durante as negociacións empréganse para dar explicacións e información complementaria, non se poden confundir co texto da negociación. A este respecto, engade que o número dos profesores que, segundo o decreto Wert, deberían impartir 320 horas son 441 na UVigo, dos que o 15% pertencen a áreas con folgura, o 85% restante son beneficiarios desta normativa e tamén das anteriores.

Ao profesor Álvarez Villamarín respóndelle que os recursos poden ser escasos ou non, pero sempre serán limitados, polo que é necesario regularizar, para ser eficientes cos recursos dos que se dispoña. En canto ao desequilibrio existente entre ámbitos, é certo que existe.

Ábrese unha segunda rolda de intervencións, na que solicitan a palabra D. Bienvenido Díez, D. Pedro González, D. Federico Fernández e D. Xosé Carlos A. Villamarín.

O profesor Bienvenido Díez replica á vicerreitora, explicando que na COAP está como representante con voz pero sen voto, e engade que considera que a súa posición en contra da normativa era coñecida. En canto á proposta de negociación, di que UGT presentou a súa para que o cálculo dos recoñecementos se realice de distinta forma. Agradece o esforzo realizado pola vicerreitora, pero están en contra da proposta.

Intervén o profesor González Santamaría, quen, en referencia ao dito pola vicerreitora de que as reducións son potestativas da Universidade, lamenta que sexamos tan escrupulosos coa aplicación da lei neste caso e non noutros casos. En relación ao proceso de negociación, di que houbo xente que se decatou aquí, realmente moitos pensaban que a negociación sería máis longa.

Neste sentido se manifesta tamén o Sr Federico Fernández, quen di que todos pensaban que a negociación ía ter máis recorrido. Destaca que ninguén na Mesa de Negociación estaba de acordo co documento.

O profesor Álvarez Villamarín puntualiza que, en efecto, os recursos son sempre limitados, pero nos últimos son escasos. Subliña, novamente, que non poden existir tantas desigualdades entre ámbitos; que a causa non é só o decreto Wert, senón a translación en horas de docencia, isto é o que, na súa opinión, causa a desigualdade.

Responde a vicerreitora ao profesor Bienvenido Díez, indicando que a súa postura en contra á normativa, en efecto, xa era coñecida. Pero, engade, de aí a pedir a retirada do documento hai moita distancia.

Ao profesor González Santamaría confírmalle que si somos escrupulosos co cumprimento da lei.

A D. Federico Fernández, respóndelle que é certo que os sindicatos non están de acordo co documento, pero que lle foron solicitadas propostas á parte sindical. Entende que non corresponde aos sindicatos a elaboración do documento, pero si facer achegas en canto ás liñas xerais.

Finalizada a rolda de intervencións, o reitor propón a votación da proposta presentada, producíndose o seguinte resultado: 23 votos a favor, 4 en contra e 6 abstencións. Polo tanto, apróbase a proposta (**Anexo IV**).

Solicita a palabra a profesora Esther Pillado, quen desexa explicar o sentido da súa abstención; especificando que se debe ao impacto negativo que esta normativa terá no seu departamento.

Punto 13. Aprobación, se procede, da Normativa de recoñecemento de actividades docentes do PDI.

Comeza a presentación deste punto a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, indicando que as actividades divídense en dúas categorías:

- Por una banda, as actividades docentes xa realizadas (Titorización de TFG, TFM ou PFC, dirección de teses, docencia en inglés, atención a materias LRU en extinción). Todas estas actividades aparecen reflectidas en horas totais de recoñecemento (non en horas de ADB).
- Por outra banda, aparecen outras actividades de xestión da docencia, que aparecen cun valor en puntos que será trasladado ao correspondente en horas en función das horas totais dispoñibles. Deste xeito, no marco desta normativa os recoñecementos teñen carácter estable

pero o número de horas totais está sometida a aprobación anula en función das disponibilidades orzamentarias anuais.

A proposta de horas totais para o vindeiro curso se someterá a aprobación no punto seguinte, pero adianto que corresponderá ao mesmo número que no curso 2015/16. Con este número máximo de horas e, tendo en conta os valores que se reflicten na táboa, estimamos que o valor de cada punto corresponderá a 1h aproximadamente. Seguindo con esta previsión, explica a vicerreitora, a bolsa de horas que correspondería aos centros sería aproximadamente a do curso actual máis as correspondentes a coordinación de graos, cunha leve melloría para os centros con máis estudantes. A este respecto destaca dúas vantaxes deste sistema:

- Os centros poden destinar distinto número de horas á coordinación dos graos en función da complexidade dos títulos.
- En anos vindeiros, una eventual incremento do número de horas podería destinarse ao reforzo de calquera das tarefas contempladas neste ou noutros puntos desta normativa ou da normativa de dedicación.

A vicerreitora engade que non parece preciso repetir o que xa foi comentado no punto anterior respecto da posición sindical, que incluía tanto ao documento anterior coma a este. Finaliza indicando que esta proposta conta co informe favorable da COAP.

O reitor abre unha rolda de intervencións, tomando a palabra en primeiro lugar o profesor Rodríguez Berrocal explicando que agradece á vicerreitora polo cumprimento de celebrar unha sesión de debate na COAP en relación con este punto e o anterior, para que puideran expresar a súa opinión.

En canto a este documento manifesta o seu desacordo co texto, por unha parte, polo feito de que o recoñecemento dos TFG se realice o ano seguinte, e de que o recoñecemento do traballo realizado polo profesor dependa do alumno así, só se recoñece si o alumno se presenta e aproba. Remarca que tamén nese apartado parece que hai un deslizamento do recoñecemento individual cara ás bolsas dos centros, que se repartirán con posterioridade, polo que ninguén ten claro o que se lle vai recoñecer.

O profesor González Santamaría subscribe a intervención anterior, e reitera o que xa dixo no punto anterior.

De xeito similar o Sr. Federico Fernández reitera a posición da CIG á proposta presentada.

O profesor Díez Ferrer reitera a súa oposición e manifesta o apoio de UXT a unha revisión total da normativa.

Intervén o profesor Álvarez Villamarín que se posiciona en contra das bolsas dos centros, xa que di que son pouco representativas do traballo de xestión, sobre todo nos centros grandes. Manifesta que votará a favor, porque esta normativa abre una liña. Considera que se debe facer unha reflexión en relación co censo de grupos de innovación docente o que podería ter como consecuencia o recoñecemento da innovación.

Responde a vicerreitora na mesma liña que antes, en canto a negociación sindical. En relación coa intervención do profesor Rodríguez Berrocal, di que sorpréndelle ese deslizamento, que non é consciente de que existe, pero se o hai, xa estaba na anterior normativa. En canto ás horas que corresponden de recoñecemento ao profesorado, cada profesor saberá en marzo ou abril cales son as súas horas.

Finalizadas as intervencións, o reitor solicita que se vote a proposta. Finalizado o recuento apróbase a normativa (**Anexo V**) por 23 votos a favor, 5 en contra e 6 abstencións.

Punto 14. Aprobación, se procede, do teito máximo de horas destinadas a actividades docentes complementarias.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que se propón un número de horas totais de 256000 para o curso 2016/17, que equivalen ás que había o curso pasado (aproximadamente 64000 h), pero multiplicadas por catro.

Na quenda de intervencións, o profesor Rodríguez Berrocal opina que cre que debe desligarse o recoñecemento das actividades extra docentes do custo económico, salvo no caso de que o recoñecemento implique contratación de persoal. Na súa opinión, deben recoñecerse todas as actividades que o PDI realice, con independencia de que logo teñamos que limitar o cadro de persoal e non se poida repercutir no POD. Polo tanto, non está de acordo co límite que supón o teito máximo.

A vicerreitora responde que non está de acordo con esa postura, xa que incrementaría os desequilibrios entre o profesorado de ámbitos ou áreas diferentes.

Rematadas as intervencións, o reitor solicita que se vote a proposta. Apróbase a normativa por 21 votos a favor, 2 en contra e 8 abstencións.

Punto 15. Aprobación, se procede da modificación da Normativa de Programa Conxunto de estudos oficiais de grao na Universidade de Vigo.

Presenta este punto a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, indicando que na documentación que se achegou coa convocatoria desta sesión están marcados os cambios que se propoñen. Indica que son, en realidade, cambios técnicos introducidos a petición dos servizos ou dos centros.

Aclara que as ofertas de PCEO están pensadas para ofrecer aos alumnos unha formación combinada que responde a unha demanda concreta que se recolle na Memoria de cada programa conxunto. Como a introdución dos contidos se realiza de xeito gradual, non se permite a matrícula de estudantes que xa teña un dos títulos que constitúen o programa. Polo tanto, se introduce a posibilidade de que a Universidade anule de oficio a matrícula dos alumnos que incumpran dita condición. Tamén se introducen aclaracións, como que se entende por curso completo, establécense as condicións de traslado, e outros detalles técnicos.

Destaca a vicerreitora que no artigo 10 se recolle un aspecto importante relativo ao recoñecemento dos créditos. Indícase que a solicitude resolverase polo centro no momento en que supere o total de créditos correspondente ao plano de estudos do PCEO, agás os do Traballo de Fin de Grao

Engade para finalizar que estes cambios están tratados tanto cos centros como cos servizos correspondentes.

Apróbase por asentimento (**Anexo VI**).

Punto 16. Aprobación, se procede, do Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo, convocatoria 2016.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia para realizar a presentación deste punto. Lembra a vicerreitora que na reunión de Consello de Goberno de 17 de xullo de 2015 foi aprobada a primeira edición do Programa de captación de persoal de investigación de excelencia da Universidade de Vigo. O obxectivo deste programa é facilitar a incorporación á nosa institución de persoal investigador de moi alto nivel, e de calquera ámbito de coñecemento, que poida impulsar un salto cualitativo nos resultados de I+D+i e o posicionamento internacional da institución.

Explica que se somete hoxe a aprobación a continuidade deste programa de captación, a través da convocatoria correspondente ao ano 2016. Hai moi poucos cambios con respecto á convocatoria do ano anterior, salvo algúns aspectos formais e a introdución explícita da posibilidade de continuidade dos contratos formalizados, máis aló dos 5 anos iniciais, suxeito á superación un proceso esixente de avaliación.

Para rematar, indica a vicerreitora que a convocatoria foi aprobada por unanimidade en Comisión de Investigación de 5 de febreiro de 2016.

Intervén o profesor Reigosa Roger para indicar que hoxe na prensa o presidente da Comunidade presume do récord logrado en investigación, sería necesario comunicarlle que a Universidade de Vigo ten que sacar “do seu peto” unha medida como esta, tan necesaria, mentres que noutras comunidades autónomas é o goberno o que promove o programa de captación de talento.

Responde o reitor, subscribe as súas palabras e así o expresou nos foros pertinentes, aínda que as súas palabras non teñan eco nos medios. Destaca que aínda é peor cando o presidente da Xunta se atribúe o mérito da captación destas figuras. Fai fincapé en que esta é a única universidade de España que levou a cabo este programa de seu, porque a súa comunidade non o implantou. Parece que proximamente si que haberá un programa autonómico, polo que esperamos que se recupere a contía invertida neste programa propio de captación de talento.

Apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

Punto 17. Aprobación, se procede, do Programa da Universidade de Vigo para a captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC), convocatoria 2016.

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, para presentar esta modalidade específica de programa de captación de persoal investigador de excelencia.

A vicerreitora comeza lembrando que na sesión de Consello de Goberno de 27 de novembro de 2015 aprobouse a primeira edición do Programa da Universidade de Vigo para a captación de persoal de investigación seleccionado nas convocatorias do European Research Council. O obxectivo deste programa é facilitar a incorporación á nosa institución de persoal investigador de excelencia, como é claramente o caso dos adxudicatarios deste tipo de axudas.

Sométese hoxe a aprobación a continuidade deste programa de captación, a través da convocatoria correspondente ao ano 2016. Hai moi poucos cambios con respecto á convocatoria do ano anterior, salvo algúns aspectos formais e a introdución explícita da posibilidade de continuidade dos contratos formalizados, máis aló dos 5 anos iniciais, suxeito á superación un proceso esixente de avaliación.

Finaliza a vicerreitora indicando que a convocatoria foi aprobada por unanimidade en Comisión de Investigación de 5 de febreiro de 2016.

Non hai intervencións e acórdase a aprobación por asentimento do programa (**Anexo VIII**).

Punto 18. Estimación, se procede, contra o recurso de alzada de D. José Antonio Fraiz Brea, contra a convocatoria e acordos da Xunta de Facultade de Ciencias empresariais e Turismo do 17/11/2015.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, tras lembrar que foi invitado a participar o profesor Fraiz Brea, con voz e sen voto. A secretaria xeral comeza corrixindo o enunciado do punto, no que, como fixo constar o profesor Fraiz, sobra o primeiro “contra”. Feita esta corrección, explica que con data 16/12/2015 o profesor D. José Antonio Fraiz presenta recurso de alzada contra a convocatoria e

contra os acordos tomados na devandita Xunta de Facultade de Ciencias empresariais e Turismo, argumentando a existencia das seguintes irregularidades:

- Ausencia da documentación relativa aos puntos do 3 ao 8 da orde do día, isto é todos os puntos a debater, agás a acta da sesión ordinaria do día 9/10/2015.
- En relación co tratamento do punto 8 da orde do día “Aprobación, se procede da proposta de modificación de membros da comisión académica de 3 másteres”, ademais da falta de información, engade o incumprimento do artigo 4 do Regulamento de Estudos de Posgrao da Universidade de Vigo.

Informa a secretaria xeral de que, como é habitual, solicitouse un informe ao servizo de Asesoría Xurídica, que se toma como base para esta exposición. Prosegue indicando, con respecto ao primeiro apartado, que de ser certa á ausencia de documentación dos puntos da orde do día da convocatoria, incorreríase en nulidade de pleno dereito, xa que se vulnerarían as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados. Para aclarar este punto, foi solicitado un informe ao decanato da Facultade de CC. Empresariais e Turismo, e nel se indicaba que toda a documentación estaba a disposición de calquera membro da Xunta de Facultade na Secretaría do Decanato en horario de 8 a 14,30 horas. Engade que o procedemento habitual é incorporar un vínculo no correo electrónico que dirixe a un repositorio que contén toda a documentación. Nesta ocasión, a empresa que realiza este proceso demorou moito e a documentación non estivo accesible á tempo. Pero recalcan que o procedemento electrónico non está recollido na normativa, e a documentación “en papel” si que estaba na secretaría.

Continúa a secretaria xeral explicando que o Regulamento de réxime interno da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo non establece un procedemento para facer chegar a documentación necesaria aos membros da Xunta de Facultade. Pero si indica, na disposición adicional segunda, que *“Para o que non estea disposto no presente Regulamento, nin nos estatutos da universidade, aplicarase o que dispón a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento administrativo Común”*. E esta lei dispón no seu artigo 24 a) *que en cada órgano colexiado corresponde aos seus membros recibir, cunha antelación mínima de 48h, a convocatoria contendo a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará a disposición de todos os membros en igual prazo”*.

Polo tanto, conclúe o informe de Asesoría Xurídica que, dado que a documentación estivo a disposición de todos os membros da xunta de facultade, cumprese a normativa vixente e non se aprecia ningunha outra posible infracción do ordenamento xurídico.

En relación co posible incumprimento do artigo 4 do Regulamento de Estudos de Posgrao da Universidade de Vigo, dito artigo 4 foi modificado no Consello de Goberno de 18/12/2013 e recolle, en efecto, como indica o reclamante que: *A composición da Comisión Académica do Máster será aprobada polo Centro. O/A coordinador/a do máster enviará ao Centro responsable a proposta de membros da mesma para a súa aprobación en Xunta de Centro. Non obstante, di a secretaria xeral, a disposición transitoria primeira de dita modificación dispón que as actuais Comisións Académicas dos Másters poderán manter a súa composición e funcións se así o desexan ata que modifiquen a memoria da titulación.*

Segundo consta na acta da sesión da Xunta de Facultade de CC. Empresariais e Turismo de 17/11/2015, e a documentación da que dispoñemos, mantense a composición das CAM dos tres másteres (anterior ao acordo de CG de 18/12/2013), modificando tan só o responsable de calidade. Informa a secretaria que, antes da modificación, a composición das Comisións Académicas dos Másters, era:

- *O Presidente/a, que será o/a coordinador/a do POP.*

- *O Secretario/a nomeado/a pola dirección do centro no que estea adscrito o POP.*
- *Un membro da comisión de calidade do centro no que estea adscrito o POP, nomeado polo centro.*
- *Catro vogais que impartan docencia no POP. Na súa selección procurárase que se garanta a representación dos ámbitos das materias presentes no plan de estudos.*

Polo tanto, continúa a secretaria xeral, correspóndelle á Xunta de Facultade a súa elección, sen que se prevea na normativa que o coordinador poida formular unha proposta en tal sentido. Respecto aos coordinadores, son membros da CAM, polo que estaría incluído dentro do punto 8 da orde do día da convocatoria: “*Aprobación, se procede, da proposta de modificación de membros da Comisión Académica do Máster en Creación, Dirección e Innovación na Empresa (CIDIE); do Máster en Xestión Empresarial do Deporte e do Máster Universitario en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde*”.

En base ao exposto esta Reitoría considera que procede a desestimación do recurso interposto por D. José Antonio Fraiz Brea.

Intervén o profesor Fraiz Brea agradecendo á secretaria xeral a súa exposición, e explica que intentará convencer aos membros do Consello de Goberno empregando o sentido común.

Comeza reiterando que existe falta de documentación, que parece que non temos dereito a ela, senón que hai que ir a busca, parece mentira, di, que nunha universidade innovadora como esta, teñamos que volver aos métodos do pasado. Continúa dicindo que segundo o informe da AX non está escrito en ningún lado que debamos ter dereito á documentación. Pero, do mesmo xeito que un índice non é un libro, unha convocatoria é so o índice, faltan os contidos. Debemos que ter acceso a eles, prosegue, e iso está recollido no regulamento de réxime interno dos órganos colexiados: os membros teñen dereito a recibir a documentación con 48 horas de anticipación. É algo coñecido por todos. Insiste en que non parece axeitado que teña que acudirse a unha secretaría para acceder a información. Hai que aplicar o sentido común.

Con respecto ao seguinte punto, indica o profesor Fraiz que, lendo tan só o enunciado, non se pensaría que se modifique o presidente da Comisión Académica. Na opinión do profesor, a Asesoría Xurídica comete un erro, tal vez porque considera a modificación un tema menor, pero o problema, explica, é que son tres másteres con características diferentes: en dous deles se modifica a composición cambiando o coordinador, e no terceiro o representante de calidade. Indica que un dos másteres se fixo unha modificación da memoria, polo que debería ser o coordinador o que propuxera a modificación da CAM.

Intervén a continuación a profesora Elena Rivo, como decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, quen explica que antes da Xunta de Facultade se puxo en contacto coa Secretaría Xeral, que aclarou o xeito de proceder e actuouse en todo momento seguindo estas recomendacións, e procurando que as solicitudes dos responsables dos másteres foran atendidas en tempo e forma. Explica que no Máster en Xestión Empresarial do Deporte, o cambio na coordinación produciuse porque o coordinador se ía de estada. Agradece a colaboración da Secretaría Xeral e da Asesoría Xurídica.

Responde a secretaria xeral que en base a documentación que nos consta, o servizo de Asesoría Xurídica emitiu o seu informe, que nós asumimos e, en base a el, realízase a proposta que agora se presenta para a súa aprobación.

Intervén novamente o profesor Fraiz para indicar que xa que se modificaron as memorias de dous másteres, hai unha obriga de modificar a composición da CAM, e insiste tamén na súa dúbida en relación co punto 4.

Responde a decana explicando que tamén se realizou unha consulta coa Área de Posgrao e confirmaron que se podía realizar tal e como se fixo.

Finalizadas as intervencións, o reitor propón a aprobación da proposta de desestimación. Apróbase por asentimento.

A continuación, informa o reitor de que os puntos seguintes da orde do día poden ser tratados conxuntamente, xa que aínda que afectan a persoas diferentes, os contidos son idénticos. Lembra tamén que as dúas doutorandas implicadas foron invitadas a participar, con voz e sen voto.

Punto 19. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. M^a Carmen Trinidad López, solicitando a nulidade das reunións do Consello de Dpto. de Bioloxía, Xenética e Inmunoloxía dos días 7/7/2015 e 16/11/2015.

Punto 20. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. María Eloísa Santos Armentia, solicitando a nulidade das reunións do Consello de Dpto. de Bioloxía, Xenética e Inmunoloxía dos días 7/7/2015 e 16/11/2015.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen pasa a resumir de xeito moi breve os antecedentes de este tema, así como as principais indicacións recollidas no informe que emite Asesoría Xurídica en relación con este tema.

1.-O 3 de agosto de 2015 Dna. M^a Carmen Trinidad López e Dna. María Eloísa Santos Armentia, interpuxeron recurso de alzada contra o acordo adoptado o 7 de xullo polo Consello de Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía, de non aprobación das súas solicitudes de admisión a trámite das súas teses de doutoramento.

2.- Este recurso foi tratado no Consello de Goberno, na súa sesión de 29 de outubro, e acordouse a estimación parcial do mesmo, debendo retrotraerse o procedemento para que o Consello de Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía argumentara as razóns da denegación, no exercicio das competencias atribuídas pola norma.

3.- Para cumprir este acordo, o Consello de Departamento reuniuse o 16 de novembro de 2015, e segundo consta na acta acordaron o seguinte procedemento: “ *El director explica que hay un borrador redactado por los miembros del departamento que votaron negativamente la admisión a trámite de las tesis para motivar su decisión, basándose en los criterios generales aprobados por asentimiento en un Consejo de Dpto. Celebrado el 14 de diciembre de 2010. A continuación ábrese un turno de palabra no que interveñen as doctorandas, e varios membros del departamento (África González, Fuencilsa San Juan , Emilio Gil y el director del Departamento). Posteriormente se procede a la votación del documento, en el que se argumentan los motivos de la no admisión a trámite para cada una de las Tesis. El resultado es de 20 votos a favor, 5 en contra y 2 abstenciones, por lo que el documento de motivación queda aprobado y se procederá a comunicarlo a las doctorandas y al Director de la tesis*”.

4.- Recibida esta comunicación, as doutorandas interpoñen recurso de alzada alegando que “*la decisión adoptada adolece de un vicio de nulidad de pleno derecho no solamente porque se han inobservado los criterios más elementales en la formación de la voluntad del órgano colegiado, sino también porque los miembros que constituían dicho órgano eran incompetentes por razón de la materia para emitir un juicio crítico sobre el contenido de la tesis*” art. 62b de la Lei de Régimen Jurídico de las Adm. Públicas y Procedimeinto adm. Común.

No seu recurso, continúa a secretaria xeral, as reclamantes detallan os distintos aspectos que sustentan esta afirmación, replicando os argumentos presentados no informe emitido polo Consello de Departamento. Toda esta documentación foi achegada aos membros deste Consello de Goberno, xunto co informe que a este respecto emitiu a Asesoría xurídica e que sustenta a proposta que aquí se presenta.

Subliña a secretaria xeral que o obxecto do recurso debe limitarse ao acordado na sesión do Consello de Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía de data 16 de novembro de 2015, é dicir, á motivación da inadmisión a trámite da tese de doutoramento. E a secretaria xeral pasa a dar lectura aos argumentos aducidos polos membros do departamento que votaron en contra da admisión a trámite das teses de Dna. M^a Carmen Trinidad López e dona M^a Eloísa Santos Armentia.

Polo tanto, esta reitoría considera que o Consello de Departamento, executou o acordo tomado neste Consello de Goberno o día 29 de outubro e, no exercicio da súa competencia, acordou inadmitir a trámite as teses de doutoramento das recorrentes argumentando a súa decisión, sobre a base de normas coñecidas con anterioridade (aprobadas na súa sesión de 14/12/2010). Ademais, nesa mesma sesión o propio Consello de Departamento acordou unha serie de recomendacións relativas á realización da tese doutoral, que segundo se recolle na súa motivación, non foron atendidas polas recorrentes.

Por estes motivos, conclúe a secretaria xeral, procede a desestimación dos recursos presentados proposta que se somete á consideración do Consello de Goberno.

Antes de abrir unha rolda de intervencións, o reitor reitera que o que corresponde dirimir aquí é si o consello de departamento cumpriu co mandato do CG de argumentar a decisión tomada. De ser así, compre desestimarse o recurso.

Intervén dona Eloísa Santos, quen explica que estaba matriculada en Madrid e veu aquí cando se aprobou o programa de doutoramento de ciencias da saúde e no departamento lle indicaron os requirimentos, congresos, artigos, etc. Ao longo dos cinco anos, fixo os traballos seguindo as indicacións do seu director. Do que, no primeiro Consello de Departamento, moitos dos que votaron en contra recoñeceron que non sabían do tema e mesmo argumentaron que non lles gustaban as teses a tempo parcial. Por iso presentaron o recurso en contra desa decisión e cando recibiron os argumentos os consideran de moi escaso calado científico.

Dona M^a Carmen Trinidad López engade que na segunda sesión do Consello de Departamento, intentaron explicar porque lles parecían incorrectas as argumentacións e naquel momento algúns membros do consello propuxeron que se reavaliaran as teses. Pero sorprendeulles que fora o profesor Rodríguez Berrocal o que dixera que se volvía ao Consello de Departamento anterior. Quéixase de que non se avalíe o contido científico das teses; di que elas querían que fose avaliados por unha comisión de expertos.

Intervén o profesor Rodríguez Berrocal, como director do Departamento, e agradece as verbas da secretaria xeral que resumen e as do propio reitor que centra o tema.

Comeza contextualizando o problema, aclarando que o programa de doutoramento de Ciencias da Saúde, un gran número dos alumnos son médicos, e cada un presenta unha casuística diferente, polo que no Departamento acordouse tomar unha serie de criterios comúns para todos, para analizar a admisión a trámite das teses, que foron aprobados por unanimidade. Ao longo do proceso, el intentou que as doutorandas modificaran as súas teses en función destes criterios. Explica que estes criterios non entran a valorar a calidade dos contidos da tese, senón que establecen uns mínimos de rigor (extensión, estrutura, publicacións...). E, por suposto, que todos os membros do Departamento están sobradamente capacitados para valorar se as propostas de teses cumpren estes criterios. De feito,

continúa, hai 18 persoas que non presentan a tese doutoral porque non cumpren estes requisitos. Insiste en que non se cuestiona a calidade científica.

Reitera que o acordo do Consello de Goberno centrábase na necesidade de motivar a decisión tomada no Departamento e, de feito, el votou a favor da admisión parcial destes recursos nesa sesión do CG. E así se fixo no Departamento: procedeuse a motivar a decisión tomada, non correspondía volver a avalialas. Como director do Departamento, propuxo que as persoas que votaron en contra elaboraran un borrador que recollera as argumentacións e logo procedeuse a votar o texto: acadando 20 votos a favor, 5 en branco e tres abstencións. Comunicouse as alumnas e ao seu director, como tamén indicaba o acordo de CG, e con posterioridade recibíuse un novo recurso, no que as doutorandas se opoñen e alegan en contra de todos os argumentos. Finaliza mencionando que neste caso a lexislación coincide coa lóxica, do cal se alegra.

O Sr. Pérez Gómez intervén só para facer unha reflexión: considera se parece lóxico que se rexeite unha tese por 3 votos. Non desexa entrar no debate, simplemente fai o comentario.

Intervén o reitor para reiterar que, diante de este recurso de alzada, compételle ao Consello de Goberno valorar se foi cumprido o acordo que se tomou aquí. Lembra que nos programas de doutoramento antigos a potestade de admitir unha tese a trámite, ou non corresponde ao departamento. O que podemos facer, continúa, é verificar que se cumpra a normativa no procedemento, xa que a calidade da tese doutoral será valorada polo tribunal de expertos, e mesmo se recorre a un panel de expertos. Pero para iso ten que estar admitida a trámite: nos programas actuais esta competencia a teñen as comisións académicas, pero coa lei anterior era competencia do departamento e, lembra o reitor, os acordos poden tomarse mesmo por maioría simple.

Intervén a vicerreitora de profesorado na mesma liña, subliñando que corresponde ao Consello de Goberno valorar se o procedemento foi cumprido correctamente, non se a calidade das teses é maior ou menor. Lembra tamén que nestes tempos se está a producir una gran cantidade de defensas de teses, porque se rematan os prazos dos programas de doutoramentos antigos. Insiste en que neses casos o departamento ten a competencia total e que así o indica o informe de asesoría xurídica

Intervén de novo o profesor Rodríguez Berrocal para engadir que el mesmo lles propuxo ás alumnas que entrasen noutro programa de doutoramento; que mesmo contactou co coordinador para que fose aceptadas; enviou as teses á comisión académica para que valorase se esas proposta de teses sería aprobadas no novo programa; e mesmo lles aconsellou que, tal vez, poderían modificar algúns aspectos, para que non tiveran problema. Comenta tamén que se volveu a abrir o prazo de matriculación, que contempla a realización de teses a tempo parcial. Mesmo falou co EIDO para preguntar se terían que cumprir as limitacións temporais de 18 meses que contempla a nova normativa, e lle informaron que ao ter cuberto un programa de doutoramento previo, non sería necesario ese tempo de demora. Remata concluíndo que resulta evidente que dende o Departamento se fixo todo o posible por axudar a estas alumnas.

Finaliza o reitor reiterando que a competencia do Consello de Goberno é valorar o cumprimento do mandato emanado do acordo que se tomou na sesión do de 29 de outubro, de ser así debe ser desestimado o recurso.

Apróbase por asentimento.

Punto 21. Proposta de nomeamento, se procede, dos representantes do alumnado na Comisión de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria.

Expón o vicerreitor que o Regulamento de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo, aprobado na xuntanza do Consello de Goberno de 7 de maio de 2013, crea no seu Artigo 6 a Comisión de Mobilidade Internacional como comisión técnica que ten como obxectivo velar polo desenvolvemento do Regulamento citado. Os membros de dita Comisión (que non é delegada de CG) serán nomeados polo reitor a proposta deste Consello de Goberno, e a súa renovación é cada catro anos, agás no caso das e dos representantes do estudantado, que terá lugar cada dous anos.

Nestes momentos cumpre renovar os dous membros estudantes da Comisión de Mobilidade Internacional, e a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais propón que, se procede, este Consello de Goberno á súa vez propoña ao reitor o nomeamento das estudantes:

- Sabela Bará Louro, alumna do Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria
- Raquel Armán Prieto, alumna do Máster Universitario en Traducción Multimedia

Lembra o vicerreitor que este punto xa foi levado a outro CG, pero fora retirado porque non estaba negociado cos estudantes. Nesta ocasión, xa se chegou a un acordo con eles.

Prosegue informando de que ambas estudantes acaban de comezar este curso un período de formación na Oficina de Relacións Internacionais, simultaneamente cos seus estudos universitarios e, por esta razón e polo seu perfil, a Vicerreitoría considera que son idóneas para formar parte da Comisión citada. A Vicerreitoría xa confirmou coas candidatas que estas aceptarían o nomeamento.

Polo tanto, conclúe o vicerreitor, propónse que o Consello de Goberno eleve ao reitor a proposta de nomeamento de Sabela Bará Louro e Raquel Armán Prieto, como membros da Comisión de Mobilidade Internacional.

Apróbase por asentimento.

A continuación, o reitor cede a palabra á Secretaria Xeral para que informe dos puntos relativos ás eleccións.

Punto 22. Elección de representantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 Estudante.

A secretaria informa de que non se presentaron candidaturas, polo que non hai que realizar votacións.

Punto 23. Elección de representantes na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos: 1 Estudante e 1 PDI.

Indica a secretaria que no sector PDI presentouse unha única candidatura, a de D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo. Polo que, non procede realizar votacións, resultado elixido o único candidato.

No sector de estudantes, continúa, non se presentaron candidaturas.

Punto 24. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 1 PDI.

Non se presentou ningunha candidatura, quedando a vacante para posteriores Consellos de Goberno.

Punto 25. Rogos e preguntas.

Toma a palabra o profesor Rodríguez Berrocal, formulando varias cuestións dirixidas, en principio, ao xerente da UVigo.

- Indica que preguntou en contabilidade para ver se se incorporaran os créditos remanentes, e lle informaron que aínda non estaban incorporados, a pesar de que o aplicativo de xestión foi creado para isto, subliña.

Responde o xerente que a incorporación finalizará en breve. A idea é que xa estivera realizada no mes de xaneiro, de feito, as incorporacións para centros xa están efectivas dende este mes.

- Pregunta, tamén, pola anulación do convenio con FEUGA para a xestión de proxectos, sen que se comentase cos investigadores.

Responde o reitor como presidente de FEUGA, e explica que, polos cambios producidos na lexislación, hai un ano e medio que o convenio con FEUGA non está adaptado á lexislación vixente na actualidade, en especial na xestión de contas, que deben pasar pola tesourería da Universidade. Outro aspecto que debe ser considerado é a legalidade dos contratos laborais que se asinan. Comenta que se tardou notablemente en negociar un novo; proceso que se está a finalizar na actualidade.


En canto á comunicación cos investigadores, comenta o reitor que deu instrucións á Xerencia para que se puxera en contacto cos IP dos grupos para explicar estes feitos. Cede a palabra ao xerente, para que comente como se están desenvolvendo estas comunicacións.

O xerente explica que, en efecto, xa comezaron as xuntanzas cos IP dos grupos; estase a seguir unha orde de prelación por volume de actividade, empezando por aqueles que xestionan maiores importes a través de FEUGA. Informa que levan xa mantidas reunións con sete grupos, polo que en breve será convocado para unha xuntanza explicativa e de traballo. Comprende a inqueda dos investigadores que traballan habitualmente con FEUGA, este é o motivo polo que son necesarias estas reunións de traballo, nas que se pode analizar a situación polo miúdo e recoller achegas. Informa que somos a Universidade que ten o maior volume de actividade con FEUGA e recorda que como Administración Pública temos a obriga de cumprir coa lexislación vixente, polo que temos que de adecuar a relación ao novo marco normativo, en especial no eido orzamentario e contable.

- Engade o profesor Rodríguez Berrocal que lamenta non facturar o suficiente para estar entre os primeiros e que agardará a súa quenda, pero desexa facer constar que a xestión económica que realizan os servizos da Universidade é moi correcta e eficaz.
- O profesor Pérez Cota quere poñer en coñecemento do equipo dun erro nos contidos da páxina web, que lle trasladará á secretaria xeral cando finalice a sesión.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:50 h do día 12 de febreiro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.


O reitor
Salustiano Mato de la Iglesia


A secretaria xeral
Gloria M. Pena Uris